

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2010/09
CARACTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 15 de novembro de 2010

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do d3a **15 de novembro de 2010** reuniúse o Pleno do Concello en sesi3n convocado ao efecto con car3cter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que 3 marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Su3rez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesi3n:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodr3guez.

Polo Grupo do P.P.

D.Jos3 Carlos Rodr3guez Andina
Dª Ana Mar3a Docobo Fern3ndez.
D. Jes3s L3pez Penabad
Dona Begoña Sanjurjo Santar.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino P3rez Vacas
D. Ram3n L3pez P3rez
Dona Maria Jos3 Rodr3guez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas 3lvarez
Agust3n Reymondez Gancedo.

Secretario:

D. Manuel J. Diaz S3nchez

Interventor:

Dª Olalla Alvarez de Neyra Mart3nez
(incorp3rase unha vez iniciada a sesi3n).

T3cnico de Admon. Xeral.D.Jos3 Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello , nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2010/01/50.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DE DATA 20 DE SETEMBRO DE 2010.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2010/02/51.- RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: NÚMEROS 141/2010 DE 1 DE SETEMBRO DE 2010 Á NÚMERO 178/2010 DE 15 DE OUTUBRO DE 2010.

Ao comezar o tratamento do punto o Sr.Alcalde pregunta que Grupo vai comezar a intervir neste punto, sinalándose polo Sr.Rivas Alvarez que lle corresponde ao Grupo de UPRI.

Iniciáse o tratamento do punto intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI, que pregunta polo Decreto 1154 relativo a un gasto de IDEART Eo por diversos traballos gráficos para “Ribadeo de Tapeo” por 4.155,74 euros. O Sr. Alcalde responde que se trata de folletos e libros para as xornadas “Ribadeo de Tapeo”, que se levan facendo varios anos, e o gasto está financiado cun convenio coa Diputación.

O Sr. Rivas Alvares, pregunta se o gasto corresponde á impresión e deseño dos libros na mesma empresa, e o Sr. Alcalde manifesta que non sabe se a empresa ten unha central que imprime noutro sitio, pero que o traballo de imprenta se reparte por diferentes empresas de Riabadeo.

A concelleira Sra. Álvarez Lastra aclara que se envía a unha imprenta na que traballa xente discapacitada.

O Sr. Rivas Álvarez, manifesta que resultáballe raro que imprimiran nesa mesma empresa porque el pensaba que solo deseñaban.

O Sr. Rivas Álvarez de seguido, fai referencia ao Decreto 1158, e pregunta se o rexistro de "LLOYD" de 2157,60 euros vai con subvención. O Sr. Cupeiro Rodríguez responde que o sistema está subvencionado polo Núcleo de Sostenibilidade, con unha subvención independente do Emas do 70%.

O Sr. Rivas Alvarez, a continuación interésase polos decretos núms. 1159 e 1160 onde se paga por desbroce en estradas da Deputación Provincial, e pregunta se a Depuntación financiará esa actuación.

O Sr. Alcalde responde que sí, que chegarán a través de convenio.

Deliberase a continuación sobre outro decreto correspondente a desbroce en Camiños do medio Rural, e o Sr. Rivas Alvarez pregunta se xa se pagaron esas facturas, unha de 7000 euros aproximadamente e outra de 2700 €.

O concelleiro Sr. Castro Reigosa Delegado de Economía e Facenda, responde que para xustificar ante a Consellería de Medio Rural había que pagalas previamente.

O Sr. Rivas Alvarez continúa referíndose aos decretos 1066 e 1067, e que chámalle a atención que nun caso se pide madeira de castaño para a escola de Rinlo, mentras que noutro madeira de pino para as marquesiñas de Vilaframil, e pregunta se non teñen o mesmo dereito os veciños de Vilaframil que os de Rinlo para utilizar madeira de castaño, xa que os importes son similares. O Sr. Alcalde responde que a escola de Rinlo non ten nada que ver cos bancos para sentarse nas marquesiñas de Vilaframil.

O Sr. Rivas Alvarez, a continuación interesase polos decretos 1036, 1037 e 1038, referentes á recollida de cartón porta a porta por parte de INVARE (Industrias Varias Reunidas), e quere saber se o gasto é por vir recoller o contenedor ou por recoller esta empresa porta a porta.

O Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente, Sr. Cupeiro Rodríguez di que a recollida de cartón porta a porta está subvencionada nun 50% por Ecoembes, que subvenciona 2 kg por habitante ao ano, entón o concello paga 150€ por contenedor, que é o que se está pagando, xa que a recollida faina o concello.

O Sr. Rivas Alvarez, refírese tamén aos decretos 1009 e 1010, correspondentes a cuñas radiofónicas publicitarias por parte de Unipress S.A., quere saber se é unha empresa de Ribadeo ou cercana. Respóndenselle que se trata de Onda Cero. Ó Sr. Rivas Alvarez, dí que lle chama a atención a cantidade de 246,50 euros nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. O Sr.

Alcalde responde que se trata dun evento pasado, probablemente a Feira da Horta.

O Sr. Rivas Alvarez pregunta agora polo decreto 891, de adquisición dun cortacésped para o cemiterio municipal, cunha factura de 594,46€, e polo decreto 923, de reparación dun cortacésped por 592€, e suxire se non sería mellor comprar outro novo cortacésped, por 2 euros mais. O Concelleiro Delegado de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez dí que entende que o que se reparou igual costara un millón de pesetas, e o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, Sr. Castro Reigosa, aclara que unha cousa é o cortacésped do cemiterio e outra é a última máquina que se comprou que costou 15.000 ou 16.000 euros.

O Sr. Rivas Alvarez, de UPRI, continúa referíndose ao decreto 733 de 870 euros de pago a AENOR, que se refire a un Certificado de Empresa Familiarmente Responsable, e pregunta se é con subvención ou con fondos propios. É respondido pola Sra. Concelleira de Cultura Dona Mari Luz Álvarez Lastra, que di que se fai con fondos propios.

O Sr. Rivas Alvarez refírese ao gasto dunha liña de teléfono, correspondente co número 982 120 707, que na factura do 18 de xaneiro ten un gasto de 430,73 euros. O Alcalde explica que pode tratarse do ascensor, xa que é obrigatorio abrir unha liña para chamadas de emerxencia que se fagan dende o seu interior, por se queda algún usuario bloqueado. O Sr. Rivas Alvarez insiste en que hai que revisalo, xa que non se corresponde coas demais cifras doutras liñas. O Alcalde aclara que eso sería o gasto por dar de alta a liña, e despois estaría o consumo mínimo mais as chamadas realizadas, pero que se trata dunha cuestión de normativa.

O Sr. Rivas Alvarez dí que quere saber, tamén, a quen corresponden as liñas de teléfono 717 (982 137667) e 718 (982 129894) que presentan unhas cuotas de 119,66 euros e 132,12 euros, respectivamente, e se existe tarifa plana ou non. O Alcalde responde que algunhas liñas tiñan unha parabólica e cambiouse para ADSL ordinario, xa que dende Telefónica indicaron que era máis barato, e que se compromete a comprobar de que se trata. O Sr. Rivas Alvarez fai mención a outra liña mais, a 722 (982 131944), con un gasto de 232,33 euros.

Seguidamente, o Sr. Rivas Alvarez, pregunta por un decreto de Alcaldía do 6 de setembro de 2010, no que se pide a E.ON Energía SL a devolución de 14.881,34 euros, quere saber se se facturou de mais, ou por qué se solicitou esta cantidade, se se facturaba de forma estimativa ou por qué se enteraron que se cobraba de mais. A Sra. Interventora municipal explica que o concello, a

1 de xuño do ano pasado estaba obrigado a elixir a unha empresa comercializadora, entón asinou con E.ON, dada a premura do tempo e porque era a empresa que correspondía na tarifa de último recurso, entón firmouse polos puntos de luz de mais de 10 KW. Feita a revisión atopáronse con que a empresa non respetaba os termos do contrato onde se establecía o importe por KW gastado, o mínimo por punto de luz etc. e que se non se aplicaba a tarifa de último recurso para mais de 10 KW, que é mais gravosa porque ten unha penalización do 5% por non elixir empresa distribuidora, pero o Concello xa tiña contrato con dita empresa, polo que se fai un recálculo de tódalas facturas afectadas por ese contrato, dando como resultado esa contía.

Por último, o Sr. Rivas Alvarez, refírese a unha resolución na que se desestima unha reclamación na Vía Transversal, suxire que se procure evitar á xente estas reclamacións se despois van ser desestimadas.

O Sr. Alcalde responde que se se desestiman algunhas reclamacións é porque hai un procedemento e os técnicos fan unha serie de informes. Nalgunhas ocasións, cando algo está mal o concello ten que pagalo co seguro de responsabilidade civil que ten. Outras veces, nas que non ten razón demandan ao Concello, despois de que o acto administrativo finalice, e vaixe ao contencioso administrativo. O Sr. Rivas Alvarez, remata dicindo que preguntará se hai algún caso concreto de reclamacións na citada rúa que se admitira, para que quede constancia nos rogos e preguntas.

Intervén a continuación o Grupo Municipal Socialista e o Sr. López Pérez interesase polo gasto de 318 euros da OMIX nunha viaxe a Santiago o 3 setembro de 2010. A Concelleira Sra. Álvarez Lastra responde que se trata dunha actividade subvencionada para os centros de ensino e os Institutos para que vaian coñecer a Universidade. Trátase dun convenio coa Universidade onde lles ensinan aos alumnos as instalacións, centros e demais actividades.

O Sr. López Pérez pregunta por unha factura de teléfonos de case 500€ (493, 12€) da liña 982 123898, que sobrepasa incluso á das oficinas municipais. Suxire que o revisen para averiguar de qué se pode tratar, para que non pase o mesmo que pasou con E.ON.

O Sr. López Pérez prosegue manifestando que quere saber, tamén, se o contrato co Centro Clínico, de Axuda domiciliaria se solucionou, xa que cada mes aumenta e en setembro ascende a 5.593 €, e que pensa que habería que sacar a concurso este servizo.

O Sr. Alcalde contesta que está de acordo e xa o ten dito varias veces, pero os técnicos están bastante saturados con cuestións de moito traballo e está pendente de sacar a concurso. Non obstante, xa que non querían externalizar o servizo, fai tempo reforzárono con varias contratacións, pero hai uns determinados puntos no ano no que se requiren mais servizos extraordinarios

porque van chegando mais horas da Lei de Dependencia, das que hai que dar cumprida resposta inmediata. O Sr. López Pérez apunta que é sintomático porque aumenta mes a mes.

Prosegue sinalando o Sr. López Pérez, do Grupo do PSOE, que le chama a atención un decreto de 21 de setembro, no que hai unhas pagos que suman 11.077,98 euros a unha suministradora de material de oficina. Di que se repite o concepto de diverso material de oficina por importes de 955, 2415 euros, etc á empresa Ordóñez Material de Oficina. O concelleiro Sr. Castro Reigosa responde que esta empresa leva tamén o mantemento de impresoras e fotocopiadoras, e sirve o tóner, polo que non lle parece un gasto tan esaxerado. O Sr. López Pérez repregunta canto tempo comprende esta factura e o Sr. Castro Reigosa responde que recopila facturas de 6 meses, o Sr. Alcalde apunta que a empresa as presenta todas “dunha tacada”.

O Sr. López Pérez insiste en que se vexa se hai algunha maneira de comprobalo.

O Sr. López Pérez continúa preguntando, interesándose polo gasto nas Xornadas de Violencia Sexista, concretamente no gasto por desprazamento, manutención, dietas e consumicións no Parador de Turismo, con un coste de 217 euros. A Sra. Concelleira de Cultura aclara que se trata das Xornadas de Violencia de Xénero que se realizan cunha subvención da Deputación de 4000 euros e outra do Servizo Galego de Igualdade de 1.258 euros, e ademais os asistentes pagan unha matrícula. Explica que o Concello case non é capaz de xustificar o gasto que recibe desa subvención para poder realizar as xornadas, e había que crear matrículas. Aclara que hai mais ingresos que gastos. O Sr. López Pérez di que que é un gasto abundante pero se está subvencionado e dan mais do que se gastou non hai problema.

O Sr. Alcalde matiza que estas xornadas se realizan no Parador de Turismo e como non cobra ó concello polo espacio, por cortesía encárgase un café. A Sra. Concelleira de Cultura puntualiza que a Sra. Interventora pode corroborar estes datos.

O Sr. López Pérez pregunta tamén polo decreto de 5 de novembro de 2010 referente a gastos de pagos a imprenta polo concepto “diverso material gráfico para cultura”, por un importe de 1270 euros. A Sra. Interventora aclara que cando non se especifica é porque nunha mesma factura veñen trípticos, paneis de cultura, entradas para obras etc. A Sra. Concelleira de Cultura admite que si se especifica cando se trata de xornadas nas que hai que xustificar subvencións. A Sra. Interventora di que cando non teñen onde meter os conceptos poñen diverso material.

O Sr. López Pérez asimesmo fai referencia a que hai pagos a Aquagest por 7.862 euros, correspondentes a Ampliación da Rede de Abastecemento

Municipal, acometida e contador, cambio de tubería etc. e pregunta se non tería que resolver estas cousas Aquagest por contrato, como xa preguntou noutra ocasión aos servicios xurídicos, o Sr. López Pérez volve a preguntar se o ten que facer por contrato ou se hai que pagalo aparte.

O Sr. Alcalde explica que ese importe corresponde ao sumatorio de todas as facturas, pero que non se acorda de algunhas delas. Cita por exemplo a Rede de Abastecemento Municipal en Rinlo, e di que se trata de unha ampliación que o concello quixo facer e tiña consignación presupuestaria para facela, entón contactou con Aquagest, como puido facelo con outra empresa. Como antes non existía, Aquagest non ten porque facelo por contrato.

O Sr. Alcalde manifesta que isto tamén pasou na época do Sr. Rodríguez Andina e do Sr. Pérez Vaca, e tamén agora, se se quere facer unha extensión hai que pagala.

O Sr. López Pérez, replica que que se cometera un erro noutras épocas non quere dicir que se siga cometendo outro. Di que fai esta pregunta porque leu o contrato e ten dúbidas, di que non é doctor nestas cousas de Administración e por eso pregunta se se está pagando de mais a esa empresa.

O Sr. Alcalde repite que era unha zona de Rinlo que nunca tivo saneamento.

O Sr. López Pérez, dí que parécelle moi ben que se faga eso, pero imaxina que Aquagest vai cobrar ese saneamento aos veciños de Rinlo nos recibos, di que é unha dúbida sen resolver. Nomea tamén o caso de As Anzas o Sr. Concelleiro no uso da palabra.

O Sr. Alcalde di que nas Anzas mandou poñer un contador na fonte, entón cobran ese contador. O Sr. López Pérez dí que recorda un cambio de tubería nun entronque en Vilaselán, di que tampouco se sabe se é da Rede Xeral e se o ten que facer Aquagest por mantemento propio, por concesión. Insiste en que merecería a pena comprobalo, que non está botando nada en cara, que simplemente está preguntando.

Por último, o Sr. López Pérez refírese ao pago de 1392 euros á Fundación Más Familia por cesión Uso de Marca Municipio. A Concelleira de Cultura Sr. Álvarez Lastra responde que corresponde á de Municipio Familiarmente Responsable.

Por parte do Grupo Municipal Popular intervén o Sr. López Penabad, que se refire aos decretos 912, 913, 914 e 919 correspondentes ao mantemento da barredora. Manifesta que non sabe se esta barredora está bastante "estrangallada".

É respondido polo Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez que explica que lle teñen que facer moitas cousas porque levaban

moitísimos anos sen tocarlle, polo que teñen que poñerlle pezas orixinais, cambiarlle outras, desmontarlle o brazo por completo porque andaba “tolo” e gastaba o cepillo polo que houbo que desmontalo e estivo parada 15 días, tamén tivo problemas hidráulicos. Aclara que fan unha reparación bastante considerable e, de feito, unha parte da que houbo que pagar é porque todas as pezas orixinais son caras, xa que a barredora é unha boa compra e unha boa máquina.

O Sr. Cupeiro Rodríguez móstrase agradecido á empresa que a repara e di que está facendo un bo traballo, que é unha persoa honrada.

O Sr. López Penabad, di que non ten ningunha dúbida deso, simplemente espera que funcione xa que as reparacións foron moi seguidas.

O Sr. Alcalde explica que a máquina debe ter 12 anos, o sumatorio son uns 1.600 € en total, e que nunca se lle fixo nada, pensa que funcionaba ben, e que aínda que de vez en cando haxa que facerlle unha reparación a fondo de 1.500 euros, se xustifica, e di que a barredora debeu costar daquela 70.000 €. O Sr. López Penabad agradece a explicación.

2010/03/52.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ZONA AZUL-ZONA ORA).

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que é lido polo Secretario e que se transcribe de seguido:

1.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO PÚBLICO DE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DO APARCAMENTO (ZONA AZUL-ZONA ORA).-

Obra no expediente proposta da Ordenanza epigrafiada e informe de Secretaría.

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Alcalde que manifesta que non era satisfactorio o funcionamento do disco da zona azul, facendo referencia aos problemas que se derivaban de cando non se podía obter e que considera nembargantes dinamizou esa zona de aparcamento e que recoñece a existencia de problemas cando o Concello non estaba aberto e fai referencia a unha Moción que se aprobou fai un ano e que se ten reiterado nalgunos plenos e sempre comentou que estiveron mirando a posibilidade dunhas

máquinas e que é complicado que lles queiran vender as máquinas e que o que queren é que se poñan unhas gardas, algo como nas cidades e que entón unha cousa híbrida como a que pretenden facer en que a Policía se encargue de sancionar pero que puideron encontrar un proveedor que está disposto a suministrar máquinas e que entenden que debe haber dúas unha para cada esquina, e fai referencia a que se estiveron estudiando ordenanzas de varios sitios e que se trata de cobrar algo, non demasiado elevado, pero que non pode ser unha zona gratuíta para favorecer a rotación, e que como realmente non hai moito espacio seguindo as indicacións técnicas se amplía a José Vicente Pérez Martínez, para ter un total de 99 prazas respectando Vados e contenedores; que se manexou inicialmente a idea de seguir funcionando co disco pero que non parece posible que convivan o disco e o ticket.

Manifesta o Sr.Alcalde que o disco segue en tanto non entre en vigor a nova norma e que a proposta que fai é aberta e procede a explicar as contías que se propoñen na Ordenanza fiscal, que se vai someter á Comisión de Facenda, e que as contías fixadas tratan de cubrir o mantemento do servizo e que por un erro a Interventora informou hoxe, e xa se atopa informado e dí que non hai inconvinte.

O Sr.Alcalde explica que está ligando na súa explicación as dúas ordenanzas.

Por Secretaría se explica que ésta é a Ordenanza do Servizo e que á outra Comisión vai a Ordenanza fiscal.

Manifesta que a súa proposta tamén tén moito positivo xa que cando ven alguen de fora pode ir alí e fai referencia ás opinións dalgún comerciante do entorno respecto ás persoas de fora.

Intervén en primeiro lugar o Sr.López Pérez que dí que quere recordar que votaron a favor da Moción e que incluso o seu Grupo fixo as preguntas e que lle parece correcto en síntese, e que ten unha serie de preguntas que formular á Alcaldía, e que unha xa lle contestou de que hai unha empresa que vai subministras dúas máquinas e o Sr.Alcalde contesta que ten un mantemento periódico, que o vai cobrar esa empresa e o gasto de papel de tikes, o asume o Concello.

O Sr.López Pérez pregunta pola sinalización, contestando o Sr.Alcalde que haberá que refacer o que hai e que non vai aparecer novo persoal contratado e que se todo vai ben ata xaneiro non poderá ser.

Fai referencia o Sr.López Pérez en relación ao artigo 7 a unha Sentencia que menciona, existe, da Audiencia de Sevilla, cuxo sentido non coñece exactamente sobre a zona azul.

A Sra. Interventora suxire que a cuestión pode ser en relación aos axentes da ORA que non son axentes da autoridade.

O Sr. Alcalde sinala que o sistema de infraccións calcouse da Ordenanza vixente e a Sra. Interventora manifesta que a redución ten que ser do 50 % en vez do 30 % por un cambio normativo producido o que é asumido pola Comisión.

O Sr. López Pérez, fai referencia a que o artigo 8 se remate a redacción do borrador xa que sobra unha palabra, o que tamén se efectuará no texto que resulte como ditame.

Pregunta tamén o Sr. López Pérez polo depósito e se o teñen , deliberándose sobre o particular.

Pregunta tamén o Sr. López Pérez pola derogación automática coa entrada en vigor da nova, manifestándose por Secretaría que debe existir un acordo expreso, que debe introducirse precisamente nesta, unha cláusula derogatoria.

O Sr. López Pérez manifesta, unha vez rematada as preguntas, que o seu grupo non ten inconvinte en apoiar a proposta.

O Sr. Alcalde pide o criterio dos membros da Comisión sobre se é barato ou non, deliberándose sobre o particular.

O Sr. Rivas Alvarez, de UPRI, pregunta con que empresarios falou o Sr. Alcalde sinalándose pola súa parte que con ACISA e que lles pareceu todo ben.

A Sra. Sanjurjo Santar pregunta porque non poden convivir discos e tikes, que era o que se pedía na Moción que se presentou e por Secretaría se contesta que se o servizo público que se crea regula o aparcamento e hai que pagar polo uso non pode ser que unhos paguen e outros non, ou é gratuito ou é de pago.

Por Secretaría se sinala asimesmo que outra solución sería facelo gratuíto para os residentes que non tería practicamente limitación e que outra posibilidade pero non se preveu na Ordenanza.

O Sr. Alcalde dí que é “un cogollito”, sinalándose por Secretaría que nunha zona mais ampla podía preverse a gratuidade para os residentes.

O Sr. Rivas Alvarez pregunta en qué Pleno se aprobou a Moción, contestándolle o Sr. López Pérez, do PSOE, que en setembro de 2009.

A Sra.Docobo Fernández, do Grupo Popular, pregunta polo control do tempo e sinalándose polo Sr.Alcalde que se fai polo propio ticket e reiterando que se trata de favorecer a rotación das prazas.

O Sr. Rivas Alvarez pregunta polo horario, remitíndose o Sr.Alcalde ao que se manifesta na Ordenanza, e proseguindo a deliberación sobre a mesma.

A Sra.Sanjurjo Santar manifesta que en moitos lugares non cobran o sábado pola tarde.

De seguido votan a favor da proposta de aprobación inicial da Ordenanza os Grupos Municipais do BNG e do PSOE (4 votos) e manifestan que se reservan para o Pleno, absténdose, os representantes dos Grupos municipais de PP e UPRI (3), ditaminándose, polo tanto, para aprobación inicial polo Pleno Municipal o texto da Ordenanza que figura como anexo a este ditame.”

Neste punto intervén en primeiro lugar, o Sr. Reymóndez Gancedo, do Grupo Municipal de UPRI, que di que se intenta aprobar unha ordenanza que ten 9 artigos, 5 dos cales refírense ás obrigas dos usuarios, tempo que teñen que estar, contías das sancións, taxas por aparcar... Pensa que, en vez de regular, queren recaudar. Maniféstase, nun principio, de acordo en regular e pensa que o disco non funciona porque non se lle da aos comerciantes, e se o tiveran, cre que non se tería que chegar a esto. Tamén cre que este non é o momento, pola actual crise, para empezar a cobrar, xa que de momento se trata da Praza de Abastos, pero “despois xa falaremos”, di.

Expón o Sr. Concelleiro no uso da palabra que se van recaudar máis ou menos entre 60 e 70.000 euros anuais e se fan contas “é unha boa tallada”. Non saben se se vai emplear para melloras. O Sr. Reymóndez Gancedo resume que se di que ACISA está de acordo, pero según un sondeo feito por él mesmo, aos comerciantes afectados ningún está de acordo, nin o que pertencen a ACISA, nin os que non. Está de acordo en que se regule co disco, xa que as empresas grandes teñen accesos e aparcamentos gratuitos, entón se se limita á xente a vir, e sobre todo aos que veñen á farmacia dende o rural, porque, explica, que a xente do pobo ven andando, pero a xente de Cedofeita ou Rinlo que ven en moto, estaría a discriminarse porque ahí non poderían aparcar, e se veñen en coche cóbraselles.

Pregunta o Sr.Reymondez Gancedo se non se pode poñer aparcamento para residentes. Sinala que o que se crea é un novo imposto, e que se queren poñer barreiras e que a xente vaia comprar aso centros comerciais, esta é a ocasión.

Sinala tamén o Sr.Concelleiro no uso da palabra que pensa que para regular habería que seguir e avanzar co famoso disco, que se se entrega a todos os

comerciantes ou se poñen unhas máquinas expendedoras, que non sabe se é viable ou non, pero os comerciantes están de acordo.

Di que se pode falar tamén de cobrar por un disco 2 euros para determinados meses, que non é o mesmo que pagar por tempo e levantarse e sair no coche chovendo, coller o ticket e poñelo. Di que hai que pensar ampliamente e hai que buscar variables e non cerrarse en cobrar, ou xuntarse a pensar coma se fixo outras veces.

Toda vez que se teñen producido aplausos na intervención do Sr.Reymondez Gancedo por parte do público asistente, o Sr. Alcalde prega ao público dicindo que sempre é norma do concello que nas intervencións, tanto a favor como en contra, non se debe participar, tan só os representantes e non o público. As expresións de dor ou de xúbilo ou de pesar deben facerse fora, que el mesmo o agradece. Xa que igual que non lle gusta que aplaudan as súas tampouco lle gusta que aplaudan as dos demais, pide por favor que se manteña un pouco de respecto.

Continúa o portavoz do PSOE, o Sr. López Pérez, que manifesta que este grupo xa anunciou o voto a favor e, lóxicamente, non se vai poñer a debatir porque cada un ten o seu punto de vista. Aínda que manifesta que non están de acordo en moitas das consideracións que fixo o grupo UPRI, sobre todo cando afirma que é un novo imposto. Cre que, en ningún caso, vai ser un imposto directo coma outros que afectan a toda a cidadanía. O seu grupo quere ser consecuente co que veñen demandando dende que se estableceu esta zona azul no entorno da Praza de Abastos.

Solicitaron reiteradamente que se regulase a situación e incluso cre que se falou nalgunha xuntanza de Comisión ou de Pleno que se podía establecer unha contía económica. Di que non recorda o sentido da moción que se aprobou, pero que se falaba de regular dalgunha maneira e falouse da situación económica.

O Sr. López Pérez explica que se van crear 100 prazas no entorno da Praza de Abastos que van producir unha fluidez e rotación de tráfico. Cre que se solucionará un problema de aparcamento sen esquecer que Ribadeo necesita a creación de máis aparcamentos públicos. Considera igualmente que todos os grupos teñen en mente que son necesarias mais prazas de aparcamento pero neste caso é un acerto regular con zona azul este entorno, estas 100 prazas na Praza de Abastos, mais se contan coa palabra do Sr. Alcade que dixo que falara coa Asociación de Comerciantes e estaban de acordo en establecer este sistema de ORA, e que incluso no convenio que se vai firmar coa Asociación de Comerciantes e que debatirán máis tarde se recolle tamén a introdución desta zona ORA, xa que eso fai pensar que están de acordo en que se regule a situación e se faga mais fluida a circulación e que haxa unha rotación.

Prosegue manifestando que incluso cando se fala dunha contía económica, él mesmo comprobou o prezo, e en Ribadeo vaise cobrar o 50% menos que nalgúns cidades onde está establecida a zona azul, que é a media hora a 50 céntimos, e en Ribadeo cobraranse 20 céntimos. Considera que é unha cousa simbólica, que lóxicamente podía ser gratuito, pero cre que pode ser un acerto regular esta zona para fluidez e rotación de vehículos, independente de que haxa que crear prazas de aparcamento.

No turno do Grupo Municipal Popular o Sr. Rodríguez Andina refírese ás intervencións anteriores, e di que non sabe se o problema consiste en conseguir un disco, para o cal hai outras solucións, que non sexa, de repente, inventar esto.

Di que lle parece moi ben que o Sr. Alcalde se acolla ao Pleno do ano pasado onde algúns grupos, e o PP foi o primeiro en plantexalo, consideraban que había que reestudiar isto, pero di que resulta que no pleno de 9 de setembro de 2009 apróbase por unanimidade que se consideraba urxente a reunión ou da Xunta de Portavoces ou da Comisión, pero ata o 15 de novembro de 2010 non veñen as presas, é algo que lle chama a atención.

Prosegue sinalando o Sr. Rodríguez Andina que naquel momento falouse de que hai que ser consecuentes, que había que procurar buscar a posibilidade de pago e non pago. Admite que o que di o informe de Secretaría é certo, pero que tamén deixa aberta a porta, que dende esta proposta non se contempla, de que os residentes puidesen ser gratuitos porque tamén se podería pensar nesto, xa que todos os de Ribadeo saben que hai edificios dos anos 70, no entorno, que non teñen parking, xa que non era obrigatorio ter prazas de garaxe para estes edificios.

O Sr. Rodríguez Andina, entende que se non teñen, por exemplo, onde aparcar de noite, con comodidade e tranquilidade que farán e a onde irán.

O Sr. Alcalde manifesta que pola noite non se cobra. O Sr. Rodríguez Andina responde que os veciños levantaránse cando lles dea a gana e non cando manda o concello.

A Concelleira de Cultura Sra. Álvarez Lastra e o Sr. Alcalde afirman que agora mesmo xa teñen que levantarse para poñer o disco ou cambialo.

Continúa a intervención do Sr. Rodríguez Andina insistindo en que eso non se ten en conta, e o que dixo o compañeiro de UPRI, 60 ou 70.000 euros, multas aparte, é so de recaudación, e pregúntase qué soluciona isto, e di que dende o seu punto de vista nada, pero á marxe deso, a parte económica di que da igual, que da o mesmo que sexan 20, 25 ou 30 céntimos, que eso é “chocolate do loro”.

O Sr. Rodríguez Andina a continuación pasa a referirse á Ordenanza reguladora do servizo, o Artigo 6, Apartado 5, onde di que “o estacionamento efectuado en dobre fila ou fronte á saída e entrada de vehículos nun inmovible ou en zonas de carga e descarga durante o horario non autorizado para utilizalas será infracción específica desta modalidade de estacionamento”, e respecto a eso o Sr. Rodríguez Andina pregúntase qué ten que ver esta modalidade de estacionamento da ORA con os vados permanentes ou a carga e decarga.

Que por outra parte, o estacionamento fóra do perímetro sinalado na calzada como praza de aparcamento, supón que será amarelo e se é fóra da zona, entón xa ten multa. Di tamén que eso constitúe infraccións específicas desa modalidade de estacionamento. Refírese despois ao artigo 8 que di que o vehículo será inmovilizado pero pregunta quen vai inmovilizalo ou con qué medios vai ser trasladado e quen será o responsable do traslado, se hai firmado algún tipo de contrato con algunha grúa para que se poida mover.

Prosegue dicindo o Sr. Rodríguez Andina que tamén cuestiona quen controla o estacionamento xa que se di que non vai haber ningunha persoa, entón entende que vai ser a Policía local, o cal quere dicir que vai haber un par de policías locais constantemente por alí, e que non todos os coches entran á mesma hora, nin saen á mesma hora, non todos van a estar media hora ou unha hora e pregunta quen controlará todo eso.

Asimesmo dí o Sr. Rodríguez Andina que outra cousa que se cuestiona é a onde van parar os ingresos da “maquiniña”. Manifesta que non está reflexado na ordenanza, como tampouco se os ingresos van á empresa que os instala, cómo se equilibran os gastos desta máquina, quen a instala e onde está o contrato con esa empresa que vai instalar os “aparells.”

O Sr. Rodríguez Andina prosegue manifestando que aínda que sexan 20 céntimos cada media hora non é o momento nin de 20, 40 ou 60 céntimos. Tampouco entenden as présas xusto neste momento, polo tanto deixa bastante claro o que vai opinar o seu grupo.

O Sr. Alcalde agradece as aportacións e di que hai algunhas que pode compartir aínda que cre que moita xente cre que o mellor que se pode facer é “pegarse un tiro”. Afirmo que unha das cousas que aprendeu durante todo este tempo é que nada do que se faga, por moi ben que se faga será unánime, ou será, mais que unánime, perfecto e non terá ningún tipo de contraprestación negativa, considera que o que hai que mirar é que teña mais cousas positivas que negativas.

O Sr. Alcalde pensa que, de forma ordinaria, o que había estaba ben, os discos estaban ben, a idea ademais recorda que estaba ben, que a propuxo o BNG e

os demais grupos a aceptaron, pensa que case todos non recorda se algún deles se abstuvo. De maneira xenérica, considera que está ben, que sigue estando ben e para a xente de Ribadeo está ben, e para os das parroquias tamén está ben, e para os residentes que se levantan e madrugan está ben, pero claro, dende hai un ano, dende a oposición de maneira positiva dicían que a idea está ben, e había que dar un paso para evolucionar.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que se ven alguén pola tarde e non ten onde aparcar, a opinión do Alcalde é que vaia ao aparcamento da Avenida de Galicia, e a resposta será que eso non pode ser, porque desta forma o sacan do medio.

Que recorda que houbo unha moción que presentou o PP, que apoiou o PSOE, UPRI e BNG tamén, para que apoiasen todos, e que despois, durante varios plenos, dinlle que non fan nada, que non cumpren a ordenanza etc. Que non apoiaron a moción, e él mesmo dixo en varios plenos anteriores que non era tan sinxelo buscar provedores de máquinas porque moitos deles din “Eu póñoille todas as máquinas pero tamén quero poñer axentes sancionadores” e o concello non quere eso, quere que o funcionamento sexa exactamente igual que o que viña sendo agora, para ben e para mal, que a policía local tutele igual que o facía, e aínda que algunha vez se despistara, tamén o farán os policías da rúa Rosalía de Castro de Lugo, engade.

Manifesta que o tema non é ese, se non que con esta zona débese ter en conta que se se pon un elemento diferente para residentes, entón cópase todo, as 70 prazas. O Sr. Alcalde comenta unha anécdota dos primeiros días de uso do disco, cando unha persoa dunha tenda do entorno, lle dixo que a zona ORA estaba moi ben pero que agora ela non tiña onde aparcar o coche cando ía a traballar, e o Alcalde dixolle que tivera en conta que este aparcamento é público pero non debe ser para ela, se non para o cliente que compra na súa tenda, xa que ela que chega pola mañá e o do banco, poden aparcar noutro lado, que sí que ten sitio, e en 3 minutos estará no centro, deixando o aparcamento do centro para os clientes, xa que se os residentes viven e aparcan na zona ORA, entón acábanse as prazas, porque solo son 70.

O Sr. Alcalde explica que a idea é de habilitar 30 prazas mais en José Vicente Pérez Martínez, en total 99, que non 100. O Sr. Alcalde explica que se se pon un “salvoconduto” para que os que viven alí poidan ter aparcamento libre, xa non haberá aparcamento nin rotación, que é o que se pretende.

Explica asimesmo o Sr. Alcalde que baralla a posibilidade de poñer máquinas con discos “como as das chucherías, con os cilindros nos que botas unha moneda” pero eso duraría 15 días, e di que cando veña a fin de semana “aló van”.

Sinala o Sr. Alcalde que, despois de consultar todas as empresas, o único que din é que o que hai son unhas máquinas que son de tickets, que non deixan de ser caixas fortes cun ordenador dentro, antivandálicos, e que expiden o ticket.

Explica tamén que lle din que ten que cobrar algo, porque se non cobra nada pode haber algún simpático que estea sacando tickets e eso non pode ser, se non que hai que pagar algo simbólico, e ademais se é algo simbólico e vostede cobra 10 céntimos por todo, tampouco consegue a finalidade, que é a rotación, xa que se é algo moi pequeno, moi centrado e moi dinámico, se realmente o tema é ir facer varios recados, pois pouco tempo pode estar, e se ten mais tempo e ten que estar toda a tarde, entón é mellor que cambie para o aparcamento da Avenida de Galicia, que poucas veces ao longo do ano está a tope.

O Sr. Alcalde di que con esa premisa é a idea de crear esto, pero claro co ticket ou co disco está infinitamente mellor que como estaba, xa que di que el sabe que había xente que igual tiña o coche alí 4 días ocupando unha praza e eso era inxusto e non podía ser.

O Sr. Alcalde dí que indo ao resumo de todo isto, recoñece que o disco, tal e como estaba, para el estaba de maravilla, para os de Ribadeo, para os das parroquias, e para todos estaba de maravilla. Se se lle quere sacar punta ó tema, pois admite que tiña erros, e a día de hoxe ten erros, alguén pode vir buscar o disco ó Concello, e alguén llo pode pedir ó policía municipal porque normalmente, lévao consigo no vehículo da policía, pero que se esa persoa ven un día pola tarde co concello pechado e non encontra o policía local porque está noutro sitio, pois efectivamente ese é un erro que non está resolto.

Ao mesmo tempo manifesta que o concello non pode dedicarse sistemáticamente a editar miles de discos e repartilos como se foran caramelos dos reis.

O Sr. Alcalde puntualiza que o concello xa fai tempo que lle dixo á Asociación de Comerciantes que se querían que os editasen eles para repartilos entre os clientes pero dixeron que costaba moito diñeiro todo eso, porque a xente os leva para fóra, para xente que ven de fóra, e costa diñeiro, repite.

O Sr. Alcalde dí que considera que o tema é que ninguén quere asumilo e considera inxusto que o Concello de maneira sistemática sempre deba ter garantidos discos para que ninguén diga que non ten discos, pero que eso de

dar remesas e remesas a todo canto comercio hai de maneira sistemática entende que non debe ser así.

Continúa dicindo que despois do debate, non de UPRI, nin de PSOE, nin do PP, do debate de todos era que a idea do disco estaba ben pero estaba moi superado e que había que ir a outras cousas.

Insiste tamén o Sr.Alcalde en que falou coa directiva da Asociación de Comerciantes, que lle dixeron que sí, pero que tamén o podían enganar, pero a xente dos comercios de alí implicados dinlle que esto non pode ser, e el dilles que se se pon unha máquina van pagar e logo vanse queixar, pero din que non, que xa está asumido en todo o mundo, que é así en todas as cidades e que hai que facelo así, que é síntoma de modernidade etc. etc.

Di que non é un, nin 2, nin 3, se non unha chea deles. Conclúe que non hai nada que sexa maravilloso. E despois tamén lle din, un disco con máquina, pero o Alcalde pregúntase qué máquina expende discos, e a ver a qué prezo, e o custo da máquina, e quen a amortiza porque no caso de que sexa unha máquina como as das chucherías pois afirma que descoñece que haxa no mercado unha máquina de discos, que igual os chinos a fan, pero afirma que por ir avanzando no tema cre que non é mala cousa.

Explica o Sr.Alcalde que con eso se evitan os problemas de que pola tarde non haxa ninguén para dar o disco. Matiza que, de todas forma, os horarios ORA son os que xa había para o disco, pola mañá e pola tarde, o sábado pola mañá, exactamente iguais, que haberá que reordenar aqueles letreiros, que todo é un pouco de lío, e haberá que repintar a zona azul e ordenala moi ben.

O Sr. Alcalde pide que non se esqueza que é unha zona moi pequeniña e con esta ampliación queda en 99 prazas e debe estar pensada, fundamentalmente, para o comercio e o comercio quere a rotación porque quere que se fasgan compras e rotar. Matiza tamén que se trata da aprobación inicial, despois hai alegacións e outras cousas, e de momento segue o disco ata que non cobre vixencia.

Pregúntase o Sr.Alcalde se agora lle van dicir que se dice e desdice, pero repite que, de maneira ordinaria, o disco parécelle ben pero se lle buscan problemas ao disco admite que os ten para os turistas, non para os de Ribadeo que andan co disco sempre no coche, se non para os de fóra, pero ben, se se di que Ribadeo vive do comercio e dos de fóra, pois adaptense aos de fóra, esa é a proposta que lanza.

O Sr. Alcalde pregunta se se somete a votación pero hai Concelleiros que manifestan a súa vontade de intervir.

Intervén o Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, dirixíndose ao Sr. Alcalde e di que deduce que, polas súas verbas está de acordo con UPRI, ao que éste contesta que está de acordo co sentido común. O Sr. Reymóndez Gancedo aclara que está de acordo co seu grupo porque tamén o está co disco e se está ben o disco haberá que melloralo.

O Sr. Alcalde di que este sistema perfecciona o disco, que como instrumento rudimentario está moi ben, pero no caso de que se queira dar un paso e avanzar está mellor esto.

Admite que, de toda-las maneiras, esas cifras (en refernecia as sinaladas polo membro de UPRI), non se recadarán aínda que estaría moi ben para o concello, e o comercio de Ribadeo sería ben puxante para recaudar esas cifras. Explica que no verán está a tope o aparcamento e no inverno, sendo gratuito, pódese ir dar unha volta para ver como está.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que agora xa non está en hora de pago.

O Sr. Alcalde di que agora xa está en horario gratuito pero que se pode ir un día pola tarde, que seguro que no mes de agosto aparcarán uns encima doutros pero agora vai moi avanzado o ano e insta a imaxinarse se fora de pago.

Di que esas apreciacións de calcular 2 horas por un euro é moi real, porque normalmente o que pode ser é que a xente aparque e como cobran aparcará un mínimo, explica, irá comprar un tornillo a unha ferretería ou unha prenda de roupa á tenda e en media hora ou unha hora, 20 ou 40 céntimos resolverán a compra, mentres que o que veña para toda a tarde irá a un aparcamento disuasorio na Avenida de Galicia ou deixarao ao final de Rosalía de Castro, que é tamén o que se pretende.

O Sr. Reymóndez Gancedo, do Grupo de UPRI, pola súa parte insta ao Sr. Alcalde a que faga números, 200 euros diarios, aínda que non sabe se quere unha Praza de Abastos limpa, libre de coches que tampouco estarán comprando, pero que simplemente faga cálculos, 200 euros diarios, que non é un cálculo tan grande e optimista. Sinala tamén o Sr. Cncelleiro no uso da palabra que hai outro tema que se está falando, o de aumentar a rúa José Vicente Pérez Martínez.

O Sr. Alcalde o interrompe dicindo que eso non é malo, e o Sr. Reymóndez Gancedo di que se aumenta o traballo da policía local, ao que o Sr. Alcalde responde que é a súa misión, pero o Sr. Reymóndez Gancedo di que non o convence xa que pensa que mentras están comprobando alí, que non é onde están os problemas de tráfico de Ribadeo, desatenden a saída do aparcamento, da Avenida de Galicia, da Rosalía de Castro, dos colexios ou da Avenida de Asturias.

O Sr. Alcalde replicalle que se queren que poñan uns axentes contratados e que suban as tarifas para mantelos.

O Sr. Reymóndez Gancedo, pola súa parte lle contesta que o que pasa é que sempre hai que cobrar e meter persoal, se non se sabe xestionar o concello sen facer outra cousa, ironiza o Sr. Suárez Barcia que non o vai facer un grupo de voluntarios que se atopen pola rúa. O Sr. Reymóndez Gancedo remata dicindo que siga co disco, que o mellor é que non cobre e non pide outra cousa.

A continuación toma a palabra o Sr. López Pérez, do PSOE, que manifesta que a súa postura foi clara e a explicaron a todos os membros da Corporación pero se é que o alcalde se arrepiante de levala ao pleno.

O Sr. Alcalde di que non, e que valora a súa actitude nese caso, e que ogallá puidera valorala moitas máis veces e máis cousas, pero lamenta que por parte dos outros grupos, que levan un ano cizañando e “metendo o dedo no ollo”, propoñen unha cousa que é unha tarifa ben razonable.

O Sr. López Pérez di que esa é a labor da oposición, pero que se non está de acordo que a retiran.

O Sr. Alcalde responde que está ben así, no sentido de que valora esa postura, e a do grupo do BNG tamén, e é a que era, e reitera o dito.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, sinala que non lle extrana a proposta do PSOE, xa que di que a resposta do Sr. Alcalde ó resto dos grupos foi “Nada do que fagas será perfecto”, e ironiza con que, coma sempre, o Sr. Suárez Barcia é moi bó, todos os días do ano, no concello, na casa, na rúa ou nos medios de comunicación, sempre magnífico. Manifesta que é a primeira vez que ve un goberno que pensa que algo está de maravilla e presenta unha ordenanza para modificalo, o cal o descoloca.

O Sr. Alcalde explica que é un matiz, e que o sistema que de maneira rudimentaria está moi ben, pero se se evoluciona non está ben, adoce de cousas, por eso se trae a versión nova.

O Sr. Rodríguez Andina respóndelle que todos os grupos o entenderon igual, de feito ata o PSOE, que ía apoiar a ordenanza, di que se lle parece que a retire. Opina que se tan ben estaba non sabe porqué se anda enredando.

Continúa o Sr. Rodríguez Andina, en tono irónico, dicindo, en primeiro lugar, que a pesar de que o Alcalde é moi bo e se porta ben con todo o mundo, non ten moito sentido o que está a facer ao final porque é un disparate. En segundo lugar, di que lle parece moi ben que o Alcalde explicara o que hai que facer e o

que non, e se eso se mellora así ou de outra maneira, pero el fixo unha serie de preguntas sobre a ordenanza reguladora e non lle contestou nin unha pregunta das que fixo, nin a primeira, e di que fixo unhas cantas, que as ten todas escritas. Repite que non lle respondeu ningunha pero que elucubrou, contou algo do “sexo dos anxos”, que se lle da moi ben, foi moi bó con todo o mundo, coidou de todos os cidadáns da vila magnificamente, esqueceuse, como dixo o PSOE, que a oposición está para opoñerse, e recalca que non se lle debera esquecer que el estivo uns cantos anos na oposición e debería lembrar como facía esa oposición, pero di que non se lembra, porque cando se entra no goberno esquecese do que facía e entón conta unha serie de cousas, pero ao grupo do PP non lle contestou a ningunha das cuestións, nin á primeira, e di que non o vai repetir así que se quere que memorice.

O Sr. Alcalde, pola súa parte, explica que a ordenanza que se propón non é unha invención súa, que é un traballo que fixeron os técnicos do concello, tomando como referencia outras que xa existen. Pon como exemplo a pregunta sobre os cartos, explica que normalmente na expedición de documentos, cando un paga un certificado non se detalla “os cartos que se cobren irán para a caixa común do concello”, xa que ese é o espírito da recadación. Recorda que esto non o vai xestionar ningunha empresa, se non a policía municipal, quen vai coller físicamente o diñeiro e levalo para unha conta é algo que internamente se deberá ver a quen lle toca esa responsabilidade, pero que el non o vai levar para o concello ou ingresalo nunha conta do banco, terá que ser outra persoa, un funcionario...pero eso non ten que estar recollido na ordenanza. Referente a si fóra haberá unhas liñas, eso non se sabe, di que a agora tamén queda aberta para melloras na ordenanza, na aprobación inicial etc.

O Sr. Rodríguez Andina dí que quere facer un apuntamento ao Sr. Alcalde, e é que cando lle conteste o faga con respecto e que non simplifique, como cando di que non vai ir el cos cartos a levalos ó Concello. Pídelle que sexan serios, xa que o que está preguntando é a onde van os cartos, e cantos cartos vai ingresar a emeprea que vai montar os aparellos, canto van costar, onde está o contrato coa empresa, e non se o Alcalde vai ir buscar os cartos.

O Sr. Alcalde responde que, a día de hoxe, non está contratado e non hai ningún contrato, os prezos son estimativos xa que costa un diñeiro adquirir a máquina, costan as bobinas de papel, costa facer o mantemento pero admite que non ten nada que ocultar e que cando teñan a proposta para comprar pasarállela a todos os grupos cos gastos do que costa o mantemento. Pregúntalle o Sr. Rodríguez Andina ao Sr. Alcalde se non habería que telo agora, xa que non se sabe o que cobra a empresa nin os custos, nin os gastos nin a onde van os cartos, di se non habería que ver eso. O Sr. Suárez Barcia admite que se moven en cousas de contrato menor, que non son unhas cantidades extraordinarias, e igual para que sexan 8.000 ou 9.000 euros de adquisición de máquinas e logo un mantemento periódico.

O Sr. Rodríguez Andina puntualiza que non se trata de adquisición xa que o Alcalde dixo que non as queren vender e pregúntalle en que queda a cousa.

O Sr. Alcalde reitera que as empresas non queren vender dúas máquinas para Ribadeo, queren que se poñan 17 e que se contraten a dous axentes. Non queren subministrar unha ou dúas máquinas, normalmente. Di que, durante un tempo, estiveron mirando en Vigo, Pontevedra ou Santiago, e no fondo non deixan de ser dous ou tres oligopolios, uns remítense aos outros e xa pasou que buscando, ao final, acaba falando co mesmo aínda que chamara a outra empresa, e dinlle “claro nós poñémoslle o que queira pero se pon axentes”.

Explica que se se queren comprar dúas máquinas ou alquilar en réxime de alquiler e ao final atopan unha empresa, que igual agora despois desta noticia mediática aparece alguén que tamén ofrece, pero ata día de hoxe solo había unha empresa que ofertaba estas máquinas. Inicialmente falábase dunha máquina pero ao aumentar á rúa José Vicente Pérez Martínez é razoable poñer dúas, unha en cada esquina da praza e diagonalmente, para que sexa máis fácil o acceso.

Rematada a deliberación, sométese a votación este punto de Aprobación Inicial da Ordenanza Reguladora do Servicio Público de Ordenación e Regulación do Aparcamiento (Zona Azul-Zona ORA), que obtén 7 votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PSE) e 6 votos en contra (dos membros dos Grupos municipais do Partido Popular e UPRI), acordándose:

1º. A aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do Servicio Público de Ordenación e Regulación do Aparcamiento (Zona Azul-Zona ORA).

2º. A exposición ao público a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme ao procedemento legalmente establecido, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o prazo non se houbera producido ningunha.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2010/04/53-APROBACION INICIAL DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ESTACIONAMIENTO DE VEHÍCULOS EN ZONA DE APARCAMIENTO LIMITADO (ZONA ORA).

Dase conta do dictame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“O Sr.Alcalde manifesta que neste punto a cuestión xa ven derivada da que se tratou na outra Comisión Informativa.

O Sr.López Penabad, do Grupo Municipal Popular, así como os Sres.Pérez Vacas, do Grupo socialista e Reymondez Gancedo, do Grupo Municipal de UPRI manifestan que manteñen a postura que sostiveron na outra Comisión Informativa sobre a Ordenanza do Servicio a que se vencella esta Ordenanza fiscal.

A Comisión, por 4 votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PSOE) e 3 abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP e de UPRI), acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a aprobación inicial da Ordenanza fiscal epigrafiada debendo efectuarse a tramitación legalmente esixida.”

Toda vez que a deliberación tense producido no punto anterior desta mesma sesión, pola Alcaldía-Presidencias pásase directamente á votación sen unha nova deliberación, obtendo 7 votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PSE) e 6 abstencións (dos membros dos Grupos municipais do Partido Popular e UPRI), e acordándose en consecuencia:

1º. A aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pro estacionamento de vehículos en zona de aparcamento limitado (zona ORA).

2º. A exposición ao público a efectos de reclamacións e suxerencias,conforme ao procedemento legalmente establecido, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o prazo non se houbera producido ningunha.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2010/05/54.-APROBACIÓN DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E ACISA PARA DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE RIBADEO 2011-2013.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta de convenio marco que foi informado favorablemente pola Comisión mixta celebrada o luns día 8 de novembro de 2010.

Por parte do Sr.Alcalde procédese á explicación dos aspectos xerais do Convenio facendo referencia ás rúas previstas e á proposta dun Plan sobre ruído , etc. iniciándose deliberación ao respecto.

O Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, pregunta sobre a execución do período 2008-2010 e sobre se a aportación económica é de 36.000 euros, por todos os conceptos, contestándose pola Alcaldía que , efectivamente, se trata dunha aportación municipal de 12.000 euros anuais, nos próximos 3 exercicios.

Deliberase a continuación, previa pregunta do Sr.López Pérez, sobre a previsión de posibles bonificacións ou exencións fiscais, explicándose que tal cuestión figura dende anteriores convenios e que no seu caso tería que ser obxecto dos acordos correspondentes, e o Sr.Alcalde dí que é unha cuestión moi xenérica.

Por Secretaría se sinala que sobre ese particular xa se informou no seu momento, e que so se poderá facer se a lexislación, no seu momento, o permite.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, pregunta respecto á Comisión mixta xestora cantas veces se reuniu nos últimos tres anos e o Sr.Alcalde contesta que aínda se foi reunindo e que están as actas das reunións e polo menos unha vez no ano anterior e outra ao rematar as actuacións previstas.

Manifesta o Sr.Rivas Alvarez que hai algo sobre a Comisión xestora que pode dar lugar á dobre interpretación e depende como se interprete por cada Grupo no relativo á composición dos membros elixidos pola Corporación , deliberándose sobre o particular e dí o Sr.Rivas , que non se dí como se elixen os representantes, e o Sr.Alcalde lle contesta que xa o tiñan debatido.

Por Secretaría se manifesta que a elección corresponde ao Pleno municipal.

O Sr.Rivas Alvarez rememora o procedemento que se seguiu no seu momento.

Por Secretaría se sinala que se trataría dun convenio novo e que deberá haber unha elección para ese período.

De seguido por 4 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e doPP) e 3 abstencións con reserva para o Pleno (dos membros dos Grupos municipais de PSOE e UPRI), acordase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal o Convenio epigrafiado, que se engade como anexo ao ditame desta Comisión.”

Comeza a intervención o grupo UPRI, intervindo o Sr. Rivas Álvarez que manifesta que eles non teñen ningún inconveniente en votar a favor dese Convenio Marco, aínda que non lles gustaba o sistema de selección dos representantes municipais, aínda que o Secretario decía que ten que ser o pleno, a eles gustaríaalles que o representante que elixen o resto dos grupos políticos que non forman parte do goberno fosen eles precisamente os que propuxeran ao Pleno e aínda que o pleno fose quen elixise a ese representante. Non obstante dí que como é un Convenio Marco, supón que se poderá cambiar pois non teñen inconveniente en votar a favor.

O Sr. López Pérez, do PSOE, di que eles van votar a favor xa que é a ampliación do primeiro Convenio Marco que se formara no ano 2005, que alí se recollen as mesmas cuestións, e non teñen inconveniente en votar a favor.

A Sra. Sanjurjo Santar, do PP, manifesta que ela xa estaba como representante da oposición e van votar a favor tamén.

De seguido, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º A aprobación do Convenio Marco de Colaboración entre o Concello de Ribadeo e ACISA para a Dinamización Comercial de Ribadeo, para a dinamización comercial de Ribadeo 2011-2013.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións, sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2010/06/55.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA RECLAMAR A URXENTE REPARACIÓN DA PONTE DE ARANTE.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que textualmente dí:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA RECLAMAR A URXENTE REPARACIÓN DA PONTE DE ARANTE

O pasado mes de xuño puidemos asistir atónitos e con certa impotencia ao ímpeto con que as forzas da natureza actúan. No noso concello non tivemos que lamentar desgrazas persoais, aínda que si en concellos veciños; xentes que conviven connosco día a día viron como a forza da natureza lles roubaba a vida de seres queridos. E a nós, a toda a Mariña , e tamén á veciña Asturias, levábanos por diante o esforzo de moitos anos de duro traballo.

Desde o Concello de Ribadeo, desde as diferentes administracións, procuramos reaccionar de xeito inmediato para que os nosos veciños e veciñas sentiran o noso apoio en momentos tan duros. Pasados os días do temporal de chuvía tocou facer balanço. E aí si que xa non estivemos todos tan finos. O esforzo realizado polo Concello de Ribadeo foi total. Volcámonos cos nosos medios para solucionarlles canto antes aos afectados os problemas derivados das intensas chuvias. O noso persoal púxose á enteira disposición dos efectivos da Deputación. Lonxe de querer marear o peixe dedicámonos a traballar arreo. Os problemas máis importantes fóronse solucionando co paso dos días e das semanas. Todos? Todos non. A recuperación da Ponte de Arante quedou paralizada. E por moito que fiqué á beira da fermosa capela da Nosa Señora das Virtudes, non podemos dicir precisamente aquilo de “con la Iglesia hemos topado”.

Non se acaba de entender moi ben de que xeito, pero o certo é que os veciños e veciñas de Arante e das parroquias cercanas vense abocados a unha situación impropia destes tempos e non exenta de riscos e algúns perigos. Para desprazarse, estes veciños teñen que circular por pistas que lles fan dar unha volta enorme; ademais, ditas pistas non foron concibidas para vehículos pesados como o transporte de madeira, os camións do leite ou a maquinaria agrícola. O deterioro que están a padecer é notábel. E moito máis o será ao longo do inverno. Iso, por non pensar no transporte escolar, as voltas que ten que dar, e o perigoso que é algún dos treitos do traxecto.

Que todo isto veña dado por unha disputa entre dous organismos de dúas institucións non ten moito sentido. Todos comprendemos a importancia do Camiño de Santiago e a dos conxuntos arquitectónicos que os rodean. Pero non pode ser que o patrimonio estea por riba, moi por riba, da seguridade e unhas mínimas condicións de vida para a veciñanza de Arante (ou de calquera outro pobo). Non pode ser que durante meses a Dirección Xeral de Patrimonio e a Deputación Provincial estiveran enleados nunha discusión (que ás veces semellaba bizantina) para á fin concluír que si se podía tirar a actual ponte e que ademais podíase reconstruír cun só van, na vez de dous, como sostíña Patrimonio. Curiosamente, outro organismo da Xunta, Augas de Galicia, veu dar a razón a quen pedían que se puidera reconstruír a ponte cun só van. Ante tanto despropósito non é de estrañar que os veciños e veciñas de Arante expresaran publicamente o seu malestar por tanta negligencia. Cómpre que Xunta e Deputación deixen a un lado as súas desavinzas, ben sexan de carácter político e/ou de carácter institucional e poñan un pouco de sentidiño ante tanto despropósito. Sería bo que o fixeran pensando, sobre todo, nas

xentes de Arante, Os Bestilleiros, Covelas, parroquias cercanas do Concello de Trabada, etc.

En todo caso, e ante tal situación, o Alcalde-Presidente desexa propoñerlle ao pleno da Corporación municipal adoptar o seguinte

ACORDO:

- 1) Instar á Deputación Provincial de Lugo a que acelere ao máximo a elaboración do novo proxecto para a construción da Ponte de Arante.
- 2) Instar á Xunta de Galicia a solucionar as diferenzas entre distintos organismos dependentes da mesma a fin de evitar que se poidan producir novas situacións semellantes a esta e, sobre todo, para que canto antes se solucionen os problemas que xeraron este imperdoábel retraso na reconstrución da Ponte de Arante.
- 3) Que se poña en marcha sen máis demora a adxudicación da reconstrución da Ponte de Arante antes de fin de ano.”

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que non o fixo con mala intención e que cre oportuno, que hai que dicir que isto non pode ser e que a cuestión non está encarreirada e lle produce disgusto e que existe un malestar crecente entre os veciños , e non entende que se estea así cinco meses despois.

Procede a explicar a súa proposta manifestando que a xente está preocupada e que o autobús escolar ten que facer un recorrido por zonas altas e que se producen destrozos nos viarios polos camións da madeira e que considera que unánimemente deben apoiar a súa proposta, e que aínda que él non se guíe pola prensa se critica mutuamente entre a Deputación e a Xunta.

O Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista e a Sra.Sanjurjo Santar do Grupo Municipal Popular manifestan que se absteñen, sinalando a Sra.Sanjurjo Santar que o escrito da Alcaldía é un texto “poético-navideño”, e que os Bestilleiros ten que meter en Arante, xa que se mencionan no escrito. O Sr.Alcalde manifesta que o quixo poñer como barrio afectado e non sabe se poñía Trabada.

O Sr.Rivas Alvarez dí que coincide coa Sra.Sanjurjo Santar e que respecto ao texto que considera que é digno de poñer nunha orla e despois quere preguntar polas axudas da Consellería de Medio Rural contestando o Sr.Alcalde que non o sabe e dí que se van reservar para o Pleno e pide que se englobe ou incorpore a solicitude de encauzamento do río dende a ponte de Arante ata a planta da leitería, manifestando o Sr.Alcalde que tamén dende arriba.

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que existe unha situación de perigo no cauce fluvial referido.

De seguido por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e 5 abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP, PSOE e UPRI) acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía segundo o tenor literal da mesma e os acordos subseguintes contidos nela.”

Comeza a intervención o Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, que repite que xa dixo o outro día que o texto era digno de poñer nunha orla. Di que o Sr. Alcalde fai unha recopilación dos feitos e ademais que toca facer balance, que o Concello fixo un esforzo, pero el tamén cre que o resto fixo un esforzo, cada un na súa medida, en función da súa dispoñibilidade cre que todos, máis ou menos, fixeron un esforzo importante, cada un dentro das súas responsabilidades, a ningún se lle pode reprochar nada.

Di que fala de querer “marear o peixe” e que él non sabe quen o quere marear, se o Sr. Alcalde ou o resto de grupos. Gustaríalle escoitar despois ao resto de compañeiros da Corporación e ao resto de portavoces. Di que se fala de unha disputa entre dous organismos, dúas institucións, aquí tamén se quere meter unha terceira que é o Concello, como discusión di que ao mellor estaban mellor calados. Non sabe o que pasa co que digan o resto dos grupos. Curiosamente, di que outro organismo da Xunta veu a darlle a razón á Deputación, que se puidera construír a ponte con un só van, e que di que todos foron vendo estes días na prensa e pensando nas xentes de Arante, Os Bestilleiros, Covelas, todos pensaron neles, non só o Sr. Alcalde, que solicita no acordo que se amaíe, que é o fundamental, pero está a Deputación de Lugo que acelera ao máximo a elaboración do novo proxecto.

Reitera o Sr. Rivas Álvarez que lle gustaría escoitar ao resto de compañeiros para pronunciarse e, sobre todo, o máis importante diso é que ás veces fanse discusións, non sabe a conto de qué, que en vez de tratar de solucionalo, non sabe se o Alcalde fixo o esforzo que debía para solucionar este tema, supón que tamén o resto, todos fixeron un esforzo. Di que o que está claro é que agora a ponte está sen arranxar e que quede por diante que eles queren que se amaíe a ponte canto antes, que debería estar feita onte e non hoxe, e non estar falando desto. Parécelles que é darlle armas a outra xente, e que lle parece unha discusión bizantina e que probablemente non vai dicir nada máis.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal do PSOE, dí que entende o momento en que o Sr. Alcalde fai esta proposta ao pleno. O que entenden, pola parte que neste caso deben representar, que é a Deputación Provincial, que é o organismo que dende o primeiro momento tiña a competencia sobre a construción ou rehabilitación desa ponte, que dispuxo dende o primeiro momento dunha partida de 150.000 euros para levala a cabo.

Prosegue sinalando o Sr. Pérez Vacas que é evidente que por estar esa ponte da que se fala, incluída no Camiño de Santiago era preceptivo o informe da Dirección de Patrimonio da Xunta de Galicia. Di que non vai entrar en pormenores de todos os atrancos e as opinións contrarias por parte da Xunta de Galicia con dous informes, un que dicía que sí e outro que non, un de Patrimonio e outro de Augas de Galicia. Cren que o Sr. Alcalde neste momento e en moitos ao longo destes anos non cre que sexa un motivo suficiente ao estar continuamente conxugando o verbo reclamar como unha acreditación dunha boa xestión. Di que eles xa adelantaron que van votar que non, porque entenden que quen ten que facer a ponte é a Deputación Provincial, e se non está feita é polos atrancos postos pola Xunta de Galicia con informes contradictorios entre dúas Consellerías.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, manifesta que tamén van votar que non, pero por razóns contrarias. Diríxese ao Sr. Alcalde para decirlle que ademais de ser, como dixo a súa compañeira e amiga, discurso de boa persoa, moi poético etc. , ademais é apuntarse ao carro de repente, é dicir, que neste tema non fixo nada, nin para diante nin para atrás, é dicir un cero á esquerda. Por tanto, di que o esforzo realizado no concello de Ribadeo, supón que no do temporal foi total, pero non na ponte de Arante, se non no do temporal.

Prosegue sinalando o Sr. Rodríguez Andina que o Sr. Alcalde en todo o escrito, o que fai, e el enténdeo, xa que no fondo está nun bipartito co PSOE na Deputación Provincial, entón ten que asumir un pouco o papel dos seus colegas da Deputación Provincial, e o que non pode asumir é o dos seus contrincantes da Xunta de Galicia.

O Sr. Rodríguez Andina dí que entende que se suba tan rapidamente ao carro da Deputación Provincial, porque o que di no segundo parágrafo “o noso persoal púxose á enteira disposición dos efectivos da Deputación”, pero non engade que foi aos 10 días, e a Xunta segue traballando nese río, eso non o engade, tamén hai que dicilo. Continúa co parágrafo “non se quere marear o peixe, dedicámonos a traballar arreo”, pero di que só 10 días e logo acabouse. Di que o Sr. Alcalde sabe perfectamente que ahí hai un traballo de meses, que se segue facendo e que a Xunta segue funcionando ahí, e que eso nalgún lado collerá, pensa el.

Continúa lendo o Sr. Rodríguez Andina “por moito que fique á beira da fermosa capela, di que isto é poesía, non podemos dicir aquilo de con la Iglesia hemos dado”.

O Sr. Alcalde interrompe e afirma que é fermoso, e o Sr. Rodríguez Andina responde que se el fai eso, para ser Alcalde non sabe, pero para escribir estas cousas que moi ben. Continúa dicindo que o seguinte parágrafo é moito máis poético pero que non o vai ler aínda que non se acaba de entender moi ben

“pero é certo que os veciños e veciñas de Arante e parroquias cercanas vense abocados a unha situación impropia destes tempos”, e que é un texto magnífico, e senso irónico.

O Sr.Alcalde responde que teñen que dar un rodeo moi grande.

O Sr. Rodríguez Andina di que sí , e que o Alcalde o da totalmente máis grande con todo esto de “que todo esto viña dado por unha disputa entre dous organismos etc etc.” E que é un disparate o que di o Sr.Alcalde no medio de tanta poesía, xa que non pode ser que o Patrimonio esté por enriba, moi por encima da seguridade. Recorda que aquí non hai un problema de seguridade, porque ou incumple as súas obrigas a Deputación ou non pode haber un problema de seguridade na ponte de Arante.

O Sr.Alcalde di que fai referencia a un documento de Augas de Galicia, contradictorio con Patrimonio porque prevalece o de Augas.

O Sr. Rodríguez Andina interrompe dicindo que eso é o final do asunto, e para cando haxa que reconstruir o novo, non neste momento, que non hai un problema de seguridade salvo que sexan tan irresponsables na Deputación que deixen pasar os coches por encima da ponte, por tanto pide que non se diga eso. Di, para ao fin concluir que sí que se podía tirar.

O Sr. Rodríguez Andina di que quere explicarse dicindo que curiosamente outro informe da Xunta Augas de Galicia veu dar a razón a quen pedía que se podía reconstruir a ponte con un só van. Di que o Sr. Alcalde volve a eludir voluntariamente que a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, que di esto, di a continuación que a Deputación Provincial debe redactar un novo proxecto porque este non vale, pero o Sr.Alcalde tamén elude eso, como que Patrimonio dende o minuto primeiro, onde dicía que non se debía deixar tirar, se non que se debía reconstruir dicía paralelamente que o proxecto de formigón non valía.

Prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina que parece mentira que algúen tan preocupado polo Patrimonio como o Alcalde, porque o BNG está sempre moi preocupado polo Patrimonio, e se non que lle pregunte a algún de A Mariña que leva tamén eso de Patrimonio, pois non se preocupen polo Camiño de Santiago, porque é que a ponte de Arante, en sí mesma, é parte do Camiño de Santiago, por eso se debían preocupar, á marxe de que algún “intelectualoide” poida dicir que si é de 1923 ou de 1934, e aclara que non está falando do Alcalde.

Di que está falando de quen o diga, pero é que é Camiño de Santiago non é por ser do 1923, 40 ou 45, como se fora do 2005, é Camiño de Santiago e por tanto ten unha protección e ademáis está no entorno dunha capela que está inventariada, e por tanto é dobre protección. Manifesta que parece como que alguén se preocupou moito de axilizar e outros de atrancar. Explicao a continuación, e di que o temporal foi o 10 de xuño, a entrada de documentación

no rexistro xeral da Xunta de Galicia é o 12 de xullo, por tanto rapidez de un mes e 2 días. Informa que o 28 de xullo respóntase con informe desfavorable do comité asesor do Camiño de Santiago, que ademáis, para poder dalo rapidamente se salta a orde de entrada dos asuntos que ían a esa comisión e así llo din á Deputación. E o día 2 de agosto notificase á Deputación e ao concello, por tanto o concello tamén debe ter aquí o dato de que o día 5 de agosto entroulle este documento, di que moitísimo máis rápido do que a Deputación mandou a proposta. De todas formas Patrimonio o que di é que hai que conservar a ponte e insiste en que non vale ese proxecto.

Prosegue manifestando que se o Sr. Alcalde fixera algo neste asunto e se preocupara, vería que era un proxecto de unha ponte, dun van de formigón puro e duro, e ahí remata a historia que é o que se chama a protección do patrimonio, e facer unha ponte dun van de formigón no Camiño de Santiago, a 20 metros da Capela das Virtudes, eso é protección do patrimonio. Continúa dicindo que, con posterioridade, en setembro, solicítase un informe a un experto en Pontes Históricas, don Carlos Nardiz, que emite un informe para explicar que as decisións que se tomaron son caprichosas, di “creemos que el puente actual es posible restaurarlo en unos plazos equivalentes a los que se plantean para el puente nuevo, con la salvedad, en este caso, de no estar redactado en estos momentos el proyecto de restauración, que podría retrasarlo en torno a un mes”.

Explica o Sr. Rodríguez Andina que eso é porque naide se encarga de redactar ese proxecto, pero como esa ponte é responsabilidade da Deputación Provincial, quen tiña que redactar ese proxecto era a Deputación Provincial, que según el, estivo mareando a perdiz dende xuño a outubro. Di que non vai seguir coa documentación, que ten abundante, pero que como había que seguir cubríndose as espaldas e facéndose os bos, repite o Sr. Rodríguez Andina que aquí todo o mundo quere ser bo, e non o explica, xa que algún ten que ser malo algunha vez porque todos bos á vez non pode ser, e resulta que, manifesta que igual a algúns non lles chama a atención, pero aos que estean un pouco en cuestión de leis vailles chamar. Explica que o día 4 de novembro, dende a Deputación Provincial, pero non ningún político, porque os hai moi cobardes, se non metendo polo medio funcionarios, di “con objeto de materializar, en la mayor brevedad posible, la solución técnica que satisfaga tales condiciones, se solicita de esa Consellería de Cultura la propuesta a esta Diputación de designación del técnico o empresa que, a su juicio, pueda asumir con mejores garantías de coordinación con esta administración, las tareas de asistencia técnica”.

Dí o Sr. Rodríguez Andina, que calquera mínimamente versado sabe que se a Dirección Xeral de Patrimonio fixera caso a esto podían ter un lío importante neste momento, co cal o que fai Patrimonio é dicir “no, quien tiene que buscar el técnico y la empresa es usted y ajustarse a lo que es la protección del patrimonio”. Pide que se imaxine que nun momento determinado unha persoa

quere rehabilitar unha casa e, como sabe que vai ter problemas con Patrimonio, pregunta qué arquitecto a fai para que lla pasen á primeira. Cre que eso é un pouco o que trata de facer a Deputación Provincial. Explica porqué non van apoiar esto, á marxe da redacción tan poética que ten, porque ten tres apartados, cita o primeiro “Instar á Deputación Provincial de Lugo a que acelere ao máximo a elaboración dun novo proxecto para a construción da ponte de Arante”, di que é evidente, xa que son responsables, terán que facelo.

O terceiro deles di “Que se poña en marcha sen máis demora a adxudicación da reconstrución da ponte de Arante antes de fin de ano”, aclara que por parte da Deputación, lóxicamente. E o segundo deles “Instar á Xunta de Galicia a solucionar as diferenzas entre distintos organismos dependentes da mesma a fin de evitar que se poidan producir”.

O Sr. Rodríguez Andina, prosegue dicindo que eso está resolto porque é que Augas de Galicia emitiu un dictame xa de acordo con Patrimonio onde se di á Deputación que se autoriza a derribar esa ponte, pero esíxeselle un novo proxecto, non este, que cumpla dúas cousas, a Lei de Augas e a Normativa de Patrimonio, é dicir, o segundo punto xa está resolto. Di que só falta unha cousa, e é que quen é o responsable de facer a obra e de facer o proxecto faga o proxecto de acordo, porque todo o mundo sabe o que é o Camiño de Santiago e hai arquitectos que saben facer o proxecto de unha ponte para algo tan sensible como o Camiño de Santiago, que faga o proxecto, que contrate a obra e a faga. Sinala que iso é o que ten que pasar, e o resto pois é marear a perdiz e pola parte do Sr. Alcalde, subirse ao carro a ver que pasa, coma sempre o bo da película, e aconséllao que había que traballar algo antes.

O Sr. Alcalde, intervén dicindo que está moi ben todo o que din o resto dos grupos pero que, despois de 20 minutos, case media hora de debate, o único que saca en claro é que aquí hai unhos que veñen a defender as posturas dos seus grupos políticos noutras institucións, e eles tamén teñen un grupo político que forma parte doutra institución, a Deputación, e como se ten dito moitas veces, unha cuestión sacrosanta “nós defendemos aos veciños por encima de calquera cuestión partidaria”, afirma que eles están facéndoo así aquí, máis aló de quen governe na Deputación, máis aló da sintonía, afinidade ou disgusto que poidan ter con quen estea na Deputación neste caso ou na Xunta, que queren facer algo institucionalmente dende o Concello de Ribadeo, porque 5 meses despois de que pode ser todo certo que di o Sr. Pérez Vacas que lle anotou todo o que lle dixeran na Deputación e todo o que ao Sr. Rodríguez Andina, pola súa condición de Xefe territorial que lle puideron decir, pode ser todo certo, pero certo por encima de todo é que 5 meses despois eso está sen amañar, e os visos de seguir sen amañar unha temporeada máis.

Di o Sr. Rodríguez Andina que se a exposición de motivos é moi poética, que se saca e que non se fai, dise “Instamos á Deputación a que acelere ao máximo”, cre que é algo obvio, “Instamos á Xunta”, manifesta que igual xa se puxeron de

acordo porque esto presentouse hai unhas dúas semanas, pero foi obvio que tiñan unha discrepancia interna entre diferentes organismos da Xunta, que era clamoroso, pide que se poñan de acordo, pero sobre todo entre todos, porque queren o terceiro, que se poña en marcha sen máis demora a adxudicación, para non dicir que estea feita antes de fin de ano, porque é imposible, pero polo menos que estea en fase de adxudicación, polo menos, porque queda un mes e pouco para fin de ano.

Cre que eso non é tanto pedir e non é subirse ao carro de nada, porque se eso se estivera facendo e fosen unhas obras lentas e trouxeran aquí unha moción para que se aceleraran, podía ser algo demagórico, pero é que demagórico cando realmente a xente está quebrada, está que “a leva o demo” con todos (Xunta, Deputación, e Concello, por non facer nada tamén, supón). Di que ó Concello dirixense verbalmente ou por escrito contra todo “bicho vivente”, da Deputación e da Xunta, polas boas e polas non tan boas. Di que falan coa Deputación e critican á Xunta, falan coa Xunta e idem coa Deputación, pero aclara que se reproduce en distintos escenarios, no concello de Ribadeo, na Deputación de Lugo, nalgún departamento da Xunta, e sempre é o mesmo.

Di que levan 5 meses, e que non cre que sexa demagórico que institucionalmente todos do BNG, PSOE, PP, que como grupos algo terán que ver entre a Xunta e a Deputación, e ademais un grupo que non ten que ver, que di que só defende os veciños, nunca viu que fora mal a cousa, que entre todos propuxeran poñerse de acordo e máis aló de quen ten máis ou menos culpa, que se xunten, acorden e que poñan solución canto antes porque é unha vergoña e non quere pensar o que pode pasar como haxa un accidente polas pistas de Vilamariz, que non están previstas para que pase o autobús escolar, que se están desfacendo, para que saian trailers de madeira, porque para eso está a carretera da Deputación, que ten capacidade importante de abondo.

Continúa dicindo o Sr. Alcalde que tampouco están preparadas para que a maquinaria pesada dos Irmandiños pase por alí, non están pensadas para que os camións do leite sistematicamente pasen por ahí, e os veciños levan cinco meses dando un rodeo terrible, que efectivamente antes pasaban mal porque pasaban por encima da ponte medio caída e facían mal, pero facían, pero que claro, alguén con dous dedos de fronte da Deputación dixo “para que vaia caer alguén, vaise matar e logo imos ir presos”, polo tanto cortárona definitivamente, entón mais aló deso pídelles que acorden, e di que xa sabe que non poden dicir agora nada de contrarréplica, porque o seu grupo na Deputación non ten nada.

Segue dicindo o Sr. Alcalde que suxire que hai que dicirlle ao Sr. Besteiro (Presidente da Deputación Provincial de Lugo), que espabile, e poñerse do outro lado e dicir ao director Xeral de Patrimonio ou de quen dependa, de Rey Pichel, que espabile e se poñan de acordo. Cre que xa o dixo algunha vez e non era con demagogia, que se non queren ir á Deputación os da Xunta e

viceversa os da Deputación, que vaian ao concello de Ribadeo que é a casa de todos, e que lles habilitan o salón de plenos e non se van de aquí ata que acorden algo, e quen veñan cada un cos seus técnicos e que acorden o que se vai facer, cre que non é tanto pedir e que non é ser demagórico e que se queren que se saca o enunciado e a exposición de motivos e toda a poesía e a retórica e todo o que queiran, pero que acorden de unha vez para que se licite esto canto antes, antes de final de ano.

O Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, di que, despois de escoitar aos portavoces do PSOE e do PP, ve que todo o mundo ten parte de razón, di que o Sr. Alcalde trata sempre que defende aos veciños pero el pensa que aos veciños os defenden todos, igual ás veces a mellor maneira de defender aos veciños é non montar un barullo como o que se está montando con este asunto e deixar que as cousas se fagan o máis rapidamente posible por parte dos técnicos, e se non entrasen os políticos igual era esa a mellor postura que se podía adoitar. Cre que o Sr. Alcalde, con tal de sacar este acordo é capaz de retirar toda esta entrada, toda esta exposición, todo este documento digno de poñer nunha orla, e que lle debeu de dar que facer, porque incluso contén termos en castelán como “con la Iglesia hemos topado”, di que este alcalde é capaz de calquera cousa.

O Sr. Alcalde interrompe ao Sr. Rivas Alvarez para dicir que o entenda ben, que o di en plan positivo, non con afán de nada e que, aínda encima se puxo á fronte da revolta, o cal é plausible.

O Sr. Rivas Alvarez continúa dicindo que a Igrexa sempre.

O Sr. Alcalde di que nos medios de comunicación onde saiu ese caso concreto pono de maneira plausible que incluso non é o alcalde o que se preoupa, que tamén é o párroco.

O Sr. Rivas Alvarez dí que cre que todos están de acordo en que se poña en marcha a reconstrucción canto antes, pero despois de ver as liortas e todo o que se está vendo non sabe qué facer, se votar a favor, votar en contra ou absterse.

O Sr. Alcalde di que da igual porque van perder igual xa que son 6 contra sete.

Prosegue a deliberación e o Sr. Alcalde dí que este asunto é como tantos outros que se teñen levado aquí e que mais había que votar, como cando había baches na carretera N-642, e se non se aprobaba unha moción de pedir non sabe qué, e manifesta que, agora dous anos e medio despois, un kilómetro e medio amañado, un kilómetro só, non se amañaron 10, e para eso tivo que vir o Ministro aquí, pero en todo caso houbo momentos que eran de absoluta demagogia e non había problema, pero que agora como a presenta o alcalde

hai que dicir que é demagóxico. Di que resulta que lle fai gracia que todos teñan razón pero o alcalde é un demagogo.

O Sr. Rivas Alvarez contéstalle que cre que o Alcalde sempre é o bo da película, nunca pode ser o malo e alégrase de que citara o da estrada porque efectivamente estase amañando algo, pero tivo que pasar tempo como outras moitas cousas, recorda que o da estrada veu tamén co asunto do tren minero.

Finaliza indicando que o seu grupo, UPRI, vaise abster neste punto.

Continúa falando o Sr. Pérez Vacas, do PSOE, que dí que cre que o que se está a debater é a proposta de Alcaldía, entón non vai enzarzar nin caer na trampa de rebater á Xunta de Galicia ou a Sr. Rodríguez Andina o que manifestou, di que o que está claro é que a Deputación, nun prazo mínimo dun mes, tiña redactado o proxecto e despois de recibir o voto negativo de Patrimonio, outra Consellería, Augas de Galicia, dixo que o que tiña feito a Deputación era o correcto.

Cre, coma o Sr. Rivas Alvarez, que con tal de que saian as propostas adiante vale todo, se hai que quitar quítase, se hai que poñer, ponse, e di que eles van votar en contra porque a responsabilidade, como quedou patente, é da Deputación, asumíndoo a Deputación está solucionando un problema e por moito que dende o concello de Ribadeo se lle diga á Deputación o que ten que facer está nel, entón considera demagóxico e claramente literaria e moi poética a proposta da Alcaldía, pero cre que quen ten que asumir esa responsabilidade, tena asumida co respaldo de quen llo ten que dar que é a Xunta de Galicia.

O Sr. Rodríguez Andina dí que quere deixar claro que, aos veciños os defenden todos e di que o Sr. Alcalde non fixo nada ata o día 8 de novembro por este asunto, que falaría con moitos persoeiros, que se queixaría moito nos periódicos, que eso casi fixo que o fixo varias veces, pero que práctico só o do 8 de novembro. En segundo lugar quere aclararlle que el é concelleiro deste concello e aquí está como tal, non como profesor de matemáticas no instituto nin como absolutamente nada máis. Di que no segundo punto, referente a instar á Xunta a solucionar as diferenzas entre os distintos organismos, que o alcalde di que sería con posterioridade porque leva varios días, aclara que leva tantos días como dende o 8 de novembro de 2010, xa que supón que lle poñería él a data, di que resulta que a reunión da Dirección Xeral de Patrimonio cos técnicos da Deputación e da Dirección Xeral é do 28 do 10, di que 10 días antes de que o alcalde se subira a este carro e cando xa se enterou pola prensa, de que a cousa ía camiño de resolverse, porque xa hai unha resolución de Augas, porque Augas se reúne con Patrimonio, porque Patrimonio se reúne coa Deputación, con trampas da Deputación porque vai a unha reunión de Patrimonio coa resolución de Augas debaixo do brazo e ensínaa o día seguinte, e chegaron a uns acordos e, pola tarde, mandaron un fax coa

resolución de Augas, di ao alcalde que así é como actúan os seus socios da Deputación.

Prosegue manifestando o Sr. Rodríguez Andina que quere recalcar que eso é do 28 de outubro, por tanto cre que ese segundo punto está amañado 10 días antes de que o alcalde redactara o documento ou de que lle puxera data. Di que o PP discrepa dos outros grupos en instar á Deputación a que acelere ao máximo a elaboración do novo proxecto para a construción da ponte, e que se poña en marcha sen máis demora a adxudicación da reconstrución da ponte de Arante antes de fin de ano, corríxe, non á reconstrución se non á construción, xa que se a ponte se pode derrubar haberá que construír unha nova, non é rehabilitala, e a instar á Xunta a que por parte da Dirección Xeral de Patrimonio se axilice ao máximo toda a tramitación deste proxecto unha vez que estea alí, porque claro, se non o teñen alí a Dirección Xeral de Patrimonio dificilmente poderá axilizalo ata que o vexa.

Di que eles, nese sentido non teñen ningunha pega e instan tamén á Xunta e á Dirección Xeral de Patrimonio a que o axilicen, sen problema, pero non a esto porque está superado e rebasado.

O Sr. Pérez Vacas pregunta se eso é unha proposta do PP ou da Alcaldía.

O Sr. Rodríguez Andina di que a Alcaldía di que estaría disposta a eliminar esto e o PP dille que se elimina o segundo e pon o que está dicindo eles tamén apoian.

O Sr. Alcalde di que eles dende o Concello non saben se hai que tiralo ou reconstruílo, ou hai que facer un novo. Di que eso non se debate en sede municipal, que é a receptora do que nas outras dúas sedes se acorde, do que Patrimonio diga o que ten que ser e a Deputación ten que aceptar o que Patrimonio diga.

O Sr. Rodríguez Andina cuestiona que se o Alcalde non sabe eso, cómo afirma o que afirma no documento escribíndoo. O Sr. Alcalde responde que sabe máis do que ahí pon, porque leva feitas máis cousas das que pon, porque eles non fan cousas o día 8 sen máis, di que primeiramente a Corporación cando caeu a ponte, ou cando se estropeou, fixeron unha encendida defensa por escrito de que eso era urxente, e agora levan 5 meses sen uso desa ponte, pero cando levaban 2 meses e pico, formalmente se lles enviaron escritos, tanto á Deputación como á Xunta, por esto que está pasando agora, que por favor acordasen, se xuntasen e resolvesen.

Di que fai 3 meses deso e agora non é que o Alcalde lles mande unha comunicación de que por favor fagan eso, se non que agora pretendían que a Corporación se dirixise a eles pero que non é contra a Deputación e a favor da Xunta, nin contra a Xunta e a favor da Deputación, é que non queren terciar

nesto de unhos contra outros, é máis, dende o punto de vista político na Deputación di que algo teñen que dicir tamén porque tamén están en coalición, pero non pode ser o que está pasando de que a Xunta teña que solucionar os problemas entre eles, pregunta o alcalde se non é certo que os houbo, e di que a Xunta sigue viva para que resolva os problemas que xeraron este importante retraso na construción da ponte de Arante.

Conclúe o Sr. Alcalde dicindo que eles manteñen o acordo tal e como está e se queren sacan os poemas, a lírica, a prosa, pero o acordo é para que se “poñan as pilas” as Institucións, polo ben dos veciños, mais aló de que de que sexan do PSOE, do PP, do BNG, xa que a el preocúpanlle os de Os Bestilleiros, os de Arante, e supón que a eles tamén, pero que a ponte segue sen amañar 5 meses despois e vai seguir polo menos, 3 meses máis, e que oxalá se equivoque, e con esta proposta institucionalmente díselles que máis aló de cuestións partidarias que por favor se vaian poñendo as pilas porque a xente empeza a disgustarse moito.

O Sr. Rodríguez Andina di que se lle di cando xa está resolto o tema.

O Sr. Alcalde replica que é unha cousa bárbara que el non ve como se decide a obra porque uns din que teñen consignado non sei canto, outros que aquilo non vai chegar a nada, outros que se amañaba con menos, e que eles son sabedores porque uns e outros, a Xunta lle remite copia do que acaba de mandar á aquel sinvergónza que non se entera de nada, e ahí pon a boca da Deputación, pero di que tamén pode poñela na Xunta que din que “parece mentira porque son unhos técnicos”.

De seguido o asunto sométese a votación previa pregunta á Secretaría, por parte do Sr. Alcalde, respecto a se pode desfacerse a proposta, quitando a exposición de motivos e Secretaría informa que eso sería a parte expositiva, e que é distinto da resolutoria e que corresponde ao proponente.

Pasada a votación a proposta da Alcaldía, obtén 4 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e 7 en contra (dos membros dos Grupos municipais do PP e PSOE) e 2 abstencións dos membros do Grupo Municipal de UPRI, e non aprobándose, polo tanto, a proposta da Alcaldía.

2010/07/56.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 20 DE OUTUBRO DE 2010 RELATIVA A PROXECTO PILOTO “UN PUENTE A TU SALUD 2.0”.

Dase conta da existencia do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da Resolución da Alcaldía que figura no expediente relativa ao Proxecto piloto “Un Punte a tu salud 2.0” subvencionado por Resolución de 9 de outubro de 2010 da Secretaría de Estado de Medio Rural e Auga á Asociación Punte de los Santos da que forma parte o Concello, explicándose polo Sr.Alcalde a situación de Ribadeo que non dispón de superficies, e que as masas que existen de certa importancia están en poder da Comunidade Autónoma e as municipais son pequenas e procede a explicar o funcionamento dos gastos financeiros así como que falou co Centro Pedro Murias e con Os Irmandiños e se fai unha explicación sobre os obxectivos que se pretenden co referido proxecto.

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, que pregunta de canta superficie se dispón, sinalando o Sr.Alcalde que case 2 Ha., que son de titularidade de Os Irmandiños e que en Castropol son 10 Ha.

O Sr.López Pérez, do PSOE, pregunta se os 32.000 euros son recuperables e o Sr.Alcalde contesta que están afianzando e procede a explicar, en síntese, o funcionamento financeiro.

Pregunta igualmente o Sr.López Pérez, sobre o persoal que se vai contratar e o Sr.Alcalde manifesta que non pode dicir como vai ser e que o descoñece, e que por razóns de urxencia se prorrogou o contrato a un Administrativo e ao Xerente que existía actualmente pero non está decidido.

Dase por cumprimentado o trámite de dación de conta á Comisión Informativa previo á dación de conta ao Pleno Municipal, aos efectos correspondentes.

Incidentalmente polo Sr.Rivas Alvarez se formulan certas preguntas á Intervención en relación aos certificados existentes no expediente do que anteriormente se deu conta, dándose pola Sra.Interventora as explicacións oportunas.”

Como se trata dunha dación de contas por Secretaría se pregunta se le igualmente o dictame, pero os grupos responden que non, que xa se da por coñecido.

Dase por cumprido o trámite de dación de conta da resolución epigrafiada.

2010/08/57.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta do dictame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr.Gegunde López, Traballador Social municipal, procédese a efectuar unha explicación á Comisión Informativa relativa aos elementos que segundo o Servicio de Inspección de Servicios Sociais comunitarios convén introducir na Ordenanza reguladora do Servicio de Axuda no fogar.

Obra no expediente os informes emitidos o día 4 e rectificado posteriormente segundo as indicacións que foron efectuadas por parte da referida Inspección, e que se transcribe de seguido, coas modificacións propostas para cada un dos artigos:

“José Luis Gegunde López, Traballador social do Excmo. Concello de Ribadeo (Lugo) a vista da comunicación para a emenda de documentación remitida pola Secretaria de Traballo e Benestar, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en relación coa Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar .

INFORMO:

Que sería preciso, dacordo coa petición do servizo de inspección de servizos sociais comunitarios e inclusión, as seguintes correccións na Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar :

- *“Modificarán o artigo 10 nos casos de actuación a través de representante xa que non é obligatoria unha sentenza de incapacitación para obter a representación sendo suficiente un nomeamento de representante, aínda que en algúns casos se poida actuar por existir sentenza.”*

O punto 2º do artigo 10 quedaría así.

No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: Fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación e documento acreditativo da representación invocada

- *“Modificarán o artigo 12 en canto as listas de agarda referíndoas aos usuarios de libre concurrencia xa que as persoas valoradas como dependentes teñen un dereito subxectivo ao servizo. Estes usuarios non poden quedar en lista de agarda, polo que o concello non incorporará ao servizo máis altas das que a dispoñibilidade económica permita atender.”*

O artigo 12 quedaría así.

En caso de ausencia de prazas , no SAF de libre concurrencia, a solicitude aprobada pasará a unha lista de agarda que se ordenará por orde da puntuación obtida.

- *“ Nos supostos de ausencia temporal do domicilio,(art 15) resulta excesivo condicionar a reanudación do servizo ao pago integro do tempo en que estivo ausente o usuario por causa xustificada, así como establecer unha lista de agarda para os dependentes ata que se reanude a prestación.”*

O artigo 15 quedaría así.

Ausencia temporal do domicilio: O servizo poderá suspenderse por causa xustificada por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia. Procederá á reanudación inmediata do servizo a petición dos/as interesados/as, naqueles casos en que sufragasen durante a súa ausencia, o abono do 25% das tarifas que lle corresponderían si estiveran de alta

Nos casos restantes, no SAF de libre concurrencia, pasará a lista de agarda coa puntuación de orixe. No caso de empeoramento da súa situación realizase unha nova valoración por parte do persoal técnico de servizos sociais

- *“Os casos de servizos realizados por dous auxiliares terán carácter excepcional,estarán xustificadas no proxecto de intervención polo técnico responsable do programa, e darase conta ao servizo de inspección ; polo que se recomenda a supresión do parágrafo 2 do artigo 17.*

O artigo 17 quedaría así.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, todos os días da semana incluídos festivos, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

2. A intensidade ...

- *“En relación co réxime sancionador , comunícolles que segundo o desposto no artigo 139 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local(introducido pola lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para la modernización del gobierno local) atribuese aos entes locais a facultade de establecer tipos de infraccións e imponer sancións polo incumprimento dos deberes , prohibicións ou limitacións contidas nas correspondentes ordenanzas, sempre e cando se trate de materiais carentes de normativa específica.
Non é o caso dos servizos sociais, onde si existe normativa específica: a Lei 13/2008 de 3 de decembro dos servizos sociais de Galicia regula un réxime sancionador das persoas usuarias dos servizos sociais. Ademais de establecer a clasificación de infraccións e sancións, determina cales son os organos competentes para o procedemento sancionador(Administración autonómica).”*

O Capítulo VI- Réxime sancionador : faltas e sancións. (Artigos 18, 19, 20, 21 e 22) quedaría así.

Artigo 18.- Réxime sancionador O réxime sancionador será o establecido no Título X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.”

Procédese a deliberar no seo da Comisión sobre as modificacións propostas de xeito sucinto, e de seguido, por unanimidade de todos os membros, acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a modificación proposta que debe ser obxecto da tramitación legalmente esixible.”

Sen promoverse deliberación polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria , acordase:

1º. A aprobación inicial da modificación proposta da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar e a subseguinte exposición pública, do xeito legalmente establecido, a efectos de reclamacións e suxerencias, entendéndose aprobada definitivamente de non presentarse ningunha.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2010/09/58.-MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA 2011 DAS TAXAS T16,T17, T18, T26 E T28.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta do expediente epigrafiado, do que obran as propostas dos concesionarios Servicio e AQUAGEST e informes de Intervención e de Secretaría e a proposta da Alcaldía de incremento no IPC das taxas T16, T17, T18, T26 e T28 e a modificación do artigo 5º da Ordenanza fiscal T28 de Vertedoiro de derrubos da construción.

Iniciase unha explicación por parte do Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, que fai referencia a que se lles aplica o IPC acumulado de 2 anos o que supón que en 2009 era negativo e aplícaselle unicamente á aqueles servizos exclusivamente que se xestionan mediante concesión, e explican por parte do Sr.Alcalde e Sr.Castro Reigosa que é para que non se desequilibren e dí o Sr.Castro Reigosa que para non facer unhas subidas máis traumáticas mais adiante.

O Sr.Reymondez Gancedo fai diversas preguntas que son contestadas na Comisión, respecto aos incrementos previstos.

A Sra. Interventora explica a modificación proposta para o Vertedoiro, sinalando que a tarifa mínima era de 15 euros para un vertido mínimo dunha tonelada, co que existían particulares que non facían uso do vertedoiro e o estaban depositando en vertedoiros ilegais ou noutros lugares, e que entón comentou a posibilidade de facelo, dun xeito proporcional ata 100 quilos. Crease polo tanto un novo tramo.

O Sr. Reymondez Gancedo pregunta se os prezos son iguais para os veciños de Ribadeo e os de outros lugares, e toda vez que o Sr. Alcalde manifesta que xurídicamente se ten valorado e por Secretaría e Intervención se manifesta que existen sentencias ao respecto e existe un principio de igualdade.

Pregunta tamén polo Punto Limpo, o Sr. Reymondez Gancedo, contestándoselle que se mantén a gratuidade do mesmo.

A Sra. Interventora manifesta que as taxas que se subiron son aquelas dos servizos nos que existe un concesionario, que reclama o IPC e senon se lles sube o IPC vai reclamar como desequilibrio da concesión.

O Sr. Reymondez Gancedo pregunta asimismo se os prezos levan incluído o IVE, sinalándose pola Sra. Interventora que por tratarse de taxas non teñen IVE.

Refírese asimismo o Sr. Reymondez Gancedo á exposición que fai SERVIOCIO da subida que tiveron eles so se aplica ao Concello o 1,1 % contestándose pola Sra. Interventora que ese é o índice de revisión, e volta o Sr. Reymondez Gancedo a facer referencia ao escrito de SERVIOCIO.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista indica que xa o seu Grupo vota que non, agora mesmo, á subida proposta e que xa se explicarán no Pleno.

O Sr. López Penabad, do Grupo Municipal Popular, manifesta que se reservan para o Pleno.

O Sr. Reymondez Gancedo manifesta que o seu Grupo igualmente se reserva para o Pleno.

O Sr. Alcalde manifesta que o Grupo Municipal do BNG vota a favor.

De seguido, polo tanto, por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG), dos votos en contra (dos membros do Grupo Municipal Socialista) e tres abstencións (dos membros do Grupo Municipal do PP e de UPRI), e aplicando o principio de voto do calidade do Presidente que ten votado a favor, acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo

Pleno Municipal a Proposta de modificación de Ordenanzas nos propios termos da mesma.”

Iníciase deliberación intervindo o Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, que di que o que se pretende é subir unhas ordenanzas fiscais das taxas T16, T17, T18, T26 e T28, de aquelas que están en concesión, efectivamente, hai que revisar o equilibrio económico financeiro, e pregúntase se se revisou ou nalgunha ocasión, por exemplo con Aquagest, a empresa de servizo da auga, se se fixo unha revisión dese equilibrio económico financeiro nalgún ano nalgunha ocasión, e di que do contrario pídese por norma que se incremete o IPC e se non di que pode haber un desequilibrio, co cal resalta que ese desequilibrio económico é favorable ao concello.

Prosegue sinalando o Sr. Concelleiro no uso da palabra que entende que tería que estar revisado, se non se ten revisado non se sabe, di que se suma ademáis o acumulado do 2009 que é o 1,8 %.

Intervé o Sr. Concelleiro de Facenda don Vicente Castro Reigosa que manifesta que se suma o acumulado do 2009-2010, no 2009 negativo e no 2010 positivo, entón queda en 1,1 %).

Prosegue sinalando o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo de UPRI, que aínda que non é o momento de subir as ordenanzas fiscais, estes impostos directos, entenden que os servizos é importante, que como a recollida de lixo hai que mantelos e teñen que autofinanciarse, dende logo, se sube a vida hai que subilos, di que é unha decisión do goberno e por tanto o grupo UPRI abstense.

Intervén a continuación o Grupo Municipal do PSOE, e polo mesmo o Sr. Pérez Vacas dí que eles xa se manifestaron en Comisión en contra desta subida porque entenden que aparte da cuestión, da época na que se atopan de crise, os propios informes técnicos que se presentan a pleno falan de que debe haber datos que garantan e xustifiquen o incremento que se propón, polo que se preguntan se existe documentación tanto dun organismo como é Aquagest, dunha empresa, ou de Servicio de que teñan presentada a conta de explotación e resultados que expliquen que efectivamente fai falla esa subida.

Prosegue manifestando que como xa se reflectiu antes, co IPC negativo de 2009 a subida sería do 1,1, e eles con eses 60.000 euros que falan dende UPRI que vai representar de ingresos o da zona azul cren que está de abondo garantizado o equilibrio económico do Concello.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, manifesta que se dende Intervención se di que de non incrementar o 1,1 poden presentar recurso as empresas por provocar desequilibrio financeiro, pois eles non van a enmendar a plana á Intervención e que ademais, os que gobernaron algunha vez saben que se un ano non se sube o 1% pola razón que sexa, porque está mal o

asunto, ao cabo de 4 anos van ter que subir o 10 %, entón van afectar ao persoal moito máis, mellor que o 1,1 %, era nada, pero se o que procede é un 1,1 e non facelo supón un desequilibrio financeiro ao que se poden acoller as empresas, o Grupo Popular vai votar a favor, simplemente por responsabilidade, pero non queren dicir que os demais non sexan responsables.

O Sr. Alcalde pide que se fixen, como dixo o outro día o Sr. Castro Reigosa, que a proposta que fixo o equipo de goberno non era como tantísimas veces, gobernando unhos ou outros e houbo anos que algunha ordenanza concreta levaba máis subida porque había que compensar desequilibrios, que segue habéndoos en lixo, na escola de música, en moitos sitios segue habendo desequilibrios moi grandes, pero sistemáticamente é unha norma non escrita, pero que todos aceptaban a subida, sistemática, cando menos do IPC interanual.

Prosegue manifestando o Sr. Alcalde que agora só se propón non en todas, porque se podían subir o resto de ordenanzas, de tributos e doutro tipo de ordenanzas.

Fai mención o Sr. Alcalde a que se podía, tanto gobernando unhos coma outros e que cre que no mandato de 2007, algún destes anos atrás aprobouse o IPC, o ano pasado non porque foi negativo, e no 2007 cre que se aprobou co IPC, todos, sempre é unánime, e agora só quixeron as que intentan repercutir ao concello como di a Interventora, Auga, Saneamento, Piscina etc.

Explica que algún deles, por exemplo a piscina, a concesionaria non pide o IPC, pide máis dun 7% porque argumenta que tiveron que subir o convenio colectivo aos traballadores e teñen un desequilibrio enorme, pero eles collían inicialmente o IPC deste ano 2010, que interacumulado é de un 2,1%, pero prefiren collelo de dous anos, porque como o do ano anterior foi negativo, 2,1 menos 1 queda en 1,1, que francamente é razoable compartindo o criterio do Sr. Rodríguez Andina, que efectivamente poden por demagogia non subir pero para o ano que ven habería que subir este máis o que toque.

Pregunta o Sr. López Pérez, do PSOE, se o equilibrio financeiro con Servicio, a concesionaria da piscina estaba pendente de revisar pola instalación dos paneis solares, pregunta como está eso.

O Sr. Alcalde responde que está pendente e que se está estudando e nos próximos tempos se informará.

O Sr. López Pérez di que había que miralo porque igual o equilibrio financeiro era favorable a Servicio e non sería necesaria esta subida, independente de que presenten ou non as contas de resultados.

O Sr. Alcalde di que había máis propostas, que o fixeran de material, que o fixera en diñeiro para o concello, que fixeran en baixa de tarifas, había varias propostas pero quedaron encima da mesa porque non se viu conveniente aquela adxudicación daquela proposta que había e quedou á expectativa de que os técnicos elaboraran outra proposta. Di que lle consta e que lle lo dixo varias veces nos últimos tempos e agradece que canto antes trouxeran unha proposta, e que pode haber propostas mixtas.

O Sr. López Pérez di que antes de solicitar unha subida das tarifas por parte desa empresa o máis lóxico sería presentar ese tipo de proposta para saber como queda a concesión, pero que eles xa anunciaron que van votar en contra.

O Sr. Pérez Vacas, do PSOE, quere saber se o do vertedoiro se ten que votar conxuntamente co resto, porque eles sí que están a favor da creación deso, cre que é importante que se reduza o pago pero non sabe se se pode votar separado ou vai en algunha tanda.

Planteada a cuestión á Secretaría se manifesta que quen propón o acordo é a Alcaldía-Presidencia e que así foi ditaminado.

O Sr. Alcalde di que prefire metelo nun “paquete” porque é como cando se di, facemos esto e esto non, que se queda un co bo e co malo non, di que hai unha proposta de modificar para que a xente que vaia tirar menos dunha tonelada que pague a parte proporcional, pero entra dentro do paquete de que hai que subir o 1%.

Pasado a votación o ditame da Comisión Informativa nos seus propios termos e a proposta da Alcaldía que serviu de base para o mesmo, por 8 votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do PP) , 3 votos en contra dos membros do Grupo Municipal Socialista e 2 abstencións do Grupo municipal de UPRI, acórdase:

1º. A aprobación inicial da modificación proposta das Ordenanzas fiscais reguladoras das taxas T16, T17, T18, T26 e T28, e a subseguinte exposición pública, do xeito legalmente establecido, a efectos de reclamacións e suxerencias, entendéndose aprobada definitivamente de non presentarse ningunha.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2010/10/59.-CONTA XERAL DO EXERCICIO 2009.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, que se transcribe de seguido:

“Dase conta á Comisión da Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2009 indicándose que de conformidade co disposto no Texto refundido da Ley reguladora das Facendas Locais e demais lexislación de aplicación procede o seu sometemento antes do 1 de xuño a informe da Comisión Especial de contas da Entidade constituída polos membros dos distintos Grupos Políticos integrantes da Corporación, e de que logo do dictame deberá ser sometida a exposición ó público por prazo de quince días durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións e que examinados estes de producirse pola Comisión practicadas pola mesma as comprobacións que estime necesarias emitirá un novo informe, ou de non existir someterase o actuado ó Pleno da Corporación.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista pregunta inicialmente sobre o procedemento, procedéndose polo Secretario e Interventora a explicar a regulación legal establecida.

Iníciase a deliberación na que en primeiro lugar o Sr. Reymondez Gancedo, do Grupo Municipal de UPRI pregunta pola débeda contabilizada.

A Sra.Interventora refírese a que iso está no remanente de tesourería e que figuran unha cantidade por importe de 5.596.372,10 euros segundo a proposta da Alcaldía de 13 de setembro de 2010, e sinalando a Sra.Interventora que non figuran as débedas por créditos, xa que se considera unicamente a débeda anual.

Asimesmo o Sr.Reymondez Gancedo pregunta sobre o informe da Sra.Interventora en relación á conta 419 e explica a Sra.Interventora que corresponde a facturas pendentes de incorporar ao presuposto , o que se coñece como recoñecemento extraxudicial , e que son como 160 facturas, que teñen que ser incorporadas á Contabilidade municipal e deben estar incluídas cada unha no seu ano e así que cada se incorporen unicamente as que correspondan, e que como nunca se foron metendo pois terían que facelo, e fai referencia a circunstancias persoais da súa incorporación e aos cambios normativos que se tiveron producido.

O Sr.Pérez Vacas fai referencia a un informe da Intervención sobre que non dispón de suficiente persoal e o Sr.Reymondez Gancedo pregunta que medios precisaría e a Sra.Interventora contesta que unha persoa mais, e que ata abril a Intervención estivo acumulada con Burela e que tivo que recuperar o que

quedou e poñer todo ao día e que se metían os datos nesa conta 419 ao mellor non podían presentar a Conta Xeral neste momento.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, pregunta se é certo o que oiu de que había 160 facturas sen contabilizar, contestándose por Intervención que están pendentes de estudar e de aplicar.

A Comisión, por dous votos a favor (dous dos membros do BNG) e cinco abstencións (dos membros presentes dos Grupos Municipais do PP, PSG-PSOE e UPRI), acorda:

1º. Ditaminar favorablemente a Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2009.

2º. A exposición ó público e a tramitación subseguinte de conformidade co disposto no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Tras da lectura do ditame da Comisión, por Secretaría se da conta de que se produciu a exposición pública da referida Conta Xeral sen que se presentasen reclamacións á mesma.

Iniciase deliberación intervindo o Sr. Rivas Álvarez, de UPRI, que di que esta Conta Xeral, ao igual que pasa cos presupostos ven fóra de prazo, entende que fará falla máis persoal, pero demostra como se fan as cousas neste concello.

Interrumpe o Sr. Pérez Vacas, Concelleiro do PSOE, que quere aclarar que el non está na comisión Informativa, porque se están poñendo algunhas palabras na súa boca.

Por parte de Secretaría se dí que esta Comisión de Facenda e Contas corresponde ao mes de setembro, e ten recollido a presenza do Sr. Pérez Vacas que sí que estivo presente salvo error ou omisión pola súa parte. O Sr. Pérez Vacas reconece que sí que estaba.

Continúa o Sr. Rivas Álvarez dicindo que non se presentan as cousas en prazo, tanto os presupostos como a Conta Xeral e tamén lle chama poderosamente a atención que haxa esa cifra de 160 facturas pendentes de incorporar, e que a Interventora no seu informe di que non consta dotada a conta 419, correspondente a acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, debido ao volumen de facturas pendentes de aplicar, supón que

será ese volume, que non haberá outro máis, en calquera caso parécenlle moitas facturas e asimesmo fai referencia a quenon sabe se realmente aumentou o traballo que había no departamento de Intervención e o que esta claro é que se trae unha conta que non pode reflexar a realidade porque falta por contabilizar eso polo menos.

Sinala asimesmo o Sr. Concelleiro que tamén resulta necesario unha depuración de saldos, de exercicios pechados, que están de acordo que facía falta unha auditoría que hai que contratar e habería que ter diñeiro para pagala e ao ritmo que vai o Concello duda se haberá diñeiro para pagar nada.

Asimesmo menciona que tamén por Intervención se fai referencia á Comisión de Festas, o que lle chama a atención, pero das festas e das comisións pasadas e vindeiras igual hai moito que dicir, e que lle chama a atención que se fixe na comisión de festas e non se fale de ningunha outra, non sabe se é que esta o está facendo moi mal ou as outras o fan moi ben.

Considera asimesmo que finalmente, fala dos datos dun informe técnico que non vai a ningunha parte, só o formalismo que ten, e como non ven que se reflecta realmente a situación que ten o concello, porque segundo a Interventora, non se pode reflectir, porque non hai persoal, eles vanse abster.

Intervén a continuación o Sr. López Pérez, do Grupo do PSOE, que manifesta que tamén se absteñen porque comprenden que é un documento técnico que se elabora con toda exquisitez por parte de Intervención municipal e con os datos que se lle facilitan, pero cren que non reflecte a situación do concello, porque se atopan con un resultado orzamentario positivo de 181.887, 82 euros e que é, polos datos que manexa Intervención, e saen estos resultados pero que despois hai segundas partes onde se recolle a realidade da situación económica municipal.

Sinala o Sr. López Pérez, que ten un informe de Intervención con relación á débeda de 31 de decembro de 2009 e sí que é a situación real do concello, así que é unha auténtica barbaridade este documento, xa que di que a débeda contable a terceiros é de 2.800.000 euros, exercicios pechados 2.266.000 euros, non presupostarios 108.000 euros, débeda a longo prazo coas entidades bancarias 1.692.000, débeda a curto prazo de entidades e operacións 600.000 euros, facturas 320.000 euros, di que é unha situación que sí que reflecta a situación económica do Concello, e non está de acordo en que está ben feito, pero non se pode sair mañá cunhos titulares de que o resultado orzamentario é de 180.000 euros a favor, xa que hai unha serie de cuestións que hai que recoñecer e que están diante porque son públicas.

Asimesmo menciona o Sr. López Pérez que hai un aspecto do que xa a Interventora fala no seu informe e a que se referían tamén os compañeiros da

UPRI de regular o da situación da conta 419 correspondente a acreedores, que son esas facturas que están metidas no caixón que non se reflíctan.

O Sr. López Pérez, pasa a referirse a un estudo económico e financeiro efectuado pola Universidade de Extremadura, que exhibe na sesión en relación ao Gastos Presupostarios e aos Créditos e a súa relación coas Contas Xerais e lé parte do texto sinalando que *“los gastos presupuestarios (di que é un documento moi amplo que lle enviaron e parece para unha tese) de conformidade con lo regulado en el artículo 157.1 de la Ley 37/88 reguladora de las Haciendas Locales, dice que se imputarán a los gastos del presupuesto de gastos del ejercicio económico en que se realicen, no obstante en el artículo del Real Decreto 500/1198 de abril recoge determinadas excepciones, en cuyos casos permite la posibilidad imputable del ejercicio corriente, gastos realizados en ejercicios anteriores. Esta situación de ignorancia contable provoca el incumplimiento de los principios contables del registro de devengos y de la correlación de ingresos y gastos y, fundamentalmente, el de imagen fiel si además tenemos en cuenta que esta situación de facturas en el cajón desvirtúa los estados de remanente de servicios de tesorería y resultado presupuestario, por cuanto incluyen estos gastos como obligaciones amén de la falsedad que provoca en cálculos como el ahorro neto, tan importante en la información financiera suministrada por las entidades locales, deberemos plantearnos la necesidad de modificar la aplicación contable de este tipo de gastos”*. Di que ven a dicir non só que existe un “caixón de xastre” se non que *“hay una cierta obligación de que se deberían regular este tipo de situaciones y que deberían reflejar la situación real del ayuntamiento”*.

O Sr. Rodríguez Andina, di que o Grupo Municipal do PP tamén se vai abster porque se trata dun documento técnico e tal como di o portavoz do PSOE, efectivamente, votar a favor desta conta xeral daría pé a que, entre outras cousas, mañá os titulares foran *“Que bien anda económicamente el ayuntamiento de Ribadeo que tiene un remanente de Tesorería positivo de 183.000 euros”*, cando como acaba de dicir o portavoz do PSOE, o que ten son 5 millóns case 6.

Que igualmente o Sr. Rodríguez Andina dí que aproveita para dicir, (en senso irónico na súa intervención), que ten que felicitar ao goberno bipartito anterior e aos tres anos deste goberno, porque co mal que o deixou o PP economicamente, melloraron moito se teñen 7 millóns de euros de débeda. Entende que, en 7 anos amañaron un montón, ironiza que debían ter polo menos 45 ou así, e reduciron de 188.000, porque como cando gobernaba o PP estaba tan mal e deixou tan mal a economía deste concello está vendo que os de agora van deixala “de medo, de pánico” entre unhos e outros. Conclúe dicindo que se van abster.

O Sr. Castro Reigosa, do BNG, comeza facendo referencia ao sinalado polo Sr. Rivas Álvarez, en referencia as facturas que están en recoñecemento

extraxudicial de crédito, pendentes de contabilización, as que están no caixón, aclara, non incontroladas que están controladas a través dunha revisión anual ou máis que anual, incluso ás veces trimestral, ata tal punto que na última revisión feita por el mesmo detectáronse facturas por cerca de 80.000 euros metidas no recoñecemento extraxudicial de crédito e xa estaban pagadas, entre elas, di que o Sr.López Pérez pode sabelo, que ten un listado, estaba o tractor que se comprou con unha subvención da Consellería de Medio Rural no ano 2007.

O Sr. López Pérez intervén por alusións dicindo que él non ten ese listado co importe total.

Continúa o Sr. Castro Reigosa explicando que da débeda que figuraba a finais de 2009, réstase e queda en 260.000 euros concretamente, xa fala de cifras exactas 261.000.

Toda vez que pregunta o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI se corresponde con esas 160 facturas. O Sr. Castro Reigosa di que se pode dicir claramente que se queda en 261.438, 34 euros, que a data de hoxe xa non son tales, xa que hai un recoñecemento de feito e contabilizado que reduce.

Di o Sr.Castro Reigosa que se van facer máis recoñecementos extraxudiciais, que evidentemente precisan máis datos da situación contable para tratar de facer máis, e están tratando de reducir ano tras ano. Continúa falando da débeda a 31 de decembro de 2009, que segundo a Conta Xeral é de 5.596.372 euros, pero se se fan comparacións coa débeda do ano 2006, que figuraba de 4.391.511 euros, e se lle restan o pagado e amortizado de préstamos, quedaría nunha débeda lixeiramente inferior, en 400.000 euros naquela data, polo tanto quere resaltar que a débeda non aumentou se non que se reduciu. Explica ao Sr. Rodríguez Andina que se non se acudiu a préstamo e se amortizaron 1.600.000 euros de préstamo, coas contas de sumar e restar sae que a débeda total é menor.

O Sr. Rodríguez Andina, pola súa parte,, recorda que é de 5.500.000 euros.

O Sr. Castro Reigosa, dí ao Sr.Rodríguez Andina que se está falando de débeda real, di que a eso lle hai que sumar a débeda bancaria, que non figura na Conta xeral pero é débeda, e di que se se suma a débeda bancaria á do 2006 redúcese en 400 e pico mil euros, co que quere dicir que se deben 400 e pico mil euros menos que a 31 de decembro de 2006. Di que é cuestión de facer números que é ben fácil, sumas e restas.

O Sr. Alcalde puntualiza que se fai con sumas e restas e logo con gastar menos do que se consigna, a pesar de que sempre os critican de que o gastan todo, para que esa marxe dea para ir sacando facturas do caixón.

O Sr. Rodríguez Andina di que critican que non gasten en inversión, que o gasten en publicidade ou en outras cousas.

O Sr. Castro Reigosa di que para poder facer Recoñecementos Extraxudiciais de Crédito e aprobalos, necesitan ter vacante na conta correspondente, xa que se teñen vacante é que non o gastaron, están falando de gasto corrente, a maioría. Repite que se poden aprobar Recoñecementos Extraxudiciais é que teñen vacantes nas contas correspondentes de gasto corrente, e polo tanto non gastan tanto.

O Sr. Rodríguez Andina intervén para dicir que a maioría do presuposto é gasto corrente, logo o que sería un disparate sería que onde aforraran máis fora en inversión.

O Sr. Castro Reigosa di que esto ven a conto das permanentes críticas, recursos a decretos, gastos, sair na prensa que esto é un despilfarro permanente neste concello etc. E di que non está falando de inversión, non de gasto corrente, que continuamente os están acusando de que gastan e despilfarran por todas partes, cando realmente non é así, xa que a conta xeral di que non despilfarran, se non que aforran aínda que evidentemente sempre se pode aforrar máis.

O Sr. Alcalde pide á Sra. Interventora que explique sobre a referencia que fixo o Sr. Rivas ao tema das festas ou aos postos, e non sabe se quedou perfectamente explicado, que houbo certa premura e non tivo tempo para facer un informe.

O Sr. Alcalde explícalle que o que di é que os postos debería cobralos o Concello, pero que en Ribadeo, de maneira sistemática o cobra a comisión.

O Sr. Rivas Alvarez, explica que o que dixo é que lle chamou a atención que nun informe desas características da conta xeral se fixen na Comisión de Festas, precisamente se fixo así, desa maneira, con un acordo que aínda que non fose explícito, sempre foi tácito entre todos, que todo o mundo o facía así, non sabe se agora hai que cambiar o sistema para mellorar as festas que teñen en Ribadeo, pero chamoulle a atención que se faga mención da Comisión de Festas e non de ningunha outra comisión, nin de ningún outro servizo, como pode ser por exemplo o mercado semanal.

O Sr. Castro Riegosa, continúa dicindo que se fala da débeda continuamente e do que se debe, pero que realmente se debe menos cada ano e que é unha realidade que o Concello cada ano debe menos, xa que débeda é tamén débeda bancaria, aínda que non conte e non apareza na conta xeral, é débeda bancaria máis débeda a provedores.

O Sr. Rivas Alvarez, interrompe para dicir que o concelleiro de Facenda non cre eso que di “nin borracho”. O Sr. Castro Reigosa di que cre o que ve e que as cifras cantan, que a contabilidade non a inventa el.

O Sr. Rodríguez Andina dí que quere apuntar algo que xa dixo en outros casos e noutros momentos, cando analizaron, quere que se recorde que eles pediron nalgunha ocasión os niveis de execución da inversión dos presupostos, xa que eso é o que demostra onde se deixa de gastar e constata de forma fehaciente que determinadas cousas que aparecen nos presupostos como inversión, despois non se levan adiante.

Prosegue sinalando que é que claro que non é a maioría de onde sae o aforro porque só faltaba, si de inversión vai o 20% e o 80 % de gasto corrente, se aforran o 80 de inversión e o 20 de gasto corrente, entón di que poden “pegarse un tiro”, pide que sexan serios, e pregunta de onde ten que sair máis aforro, di que de gasto corrente pero que sigue habendo moitísimo derroche en gasto corrente. Pregunta tamén que enxeñería financeira é a que conta o Concelleiro de Facenda, di que sume 5 millóns 500 mil euros máis un millón e pico de financeira e ten 7.300.000. Recorda que no 2006 tiñan eles mesmos e máis o BNG 4.300.000, e ademáis 3 millóns e pico de deuda financeira, e preguntalle se amortizaron en 3 anos 1.600.000 euros.

O Sr. Alcalde pide máis axilidade no debate.

O Sr. Castro Reigosa explica que nos orzamentos aparece detallado o importe da amortización bancaria, e se suman os dos 4 últimos anos xa o teñen, e saen esas cifras perfectamente de amortizado.

O Sr. Alcalde di que non é o momento de debate, pero o Sr. Rodríguez Andina quere dicir que non comulga co que se está a dicir.

O Sr. Alcalde di que a Conta Xeral non a fan eles, se non a técnica.

O Sr. Rodríguez Andina di que non se está falando da conta xeral. O Sr. Alcalde pola súa parte di que non, que se fala do transcurso dun ano e non do acumulado que hai, explica que neste ano se gastou menos do que había previsto gastar, que eso é o que se ven a dicir e que é curioso que tamén o dito do ano pasado, e no 2006 gastárase moito máis do que se ingresara, e hai dous anos consecutivos que se leva gastando menos do que se ingresa, e ademáis redúcense os gastos, é dicir cifras de cento e pico mil euros para cultura, pero xa non de agora se non dende as épocas de goberno do PP e do bipartito 130.000, 120.000 euros. Agora mesmo está presupostado 75.000 euros e lévase gastado 45.000 euros, aclara a concelleira de Cultura, a Sra. Álvarez Lastra.

O Sr. Alcalde di que sempre se rebasaba por encima, que había recoñecemento extraxudicial, di que é un exemplo pero que hai outro montón de partidas de inversión e de gasto corrente, un pouco de todo.

Intervén a Sra. Concelleira de Cultur Sra.Alvarez Lastra que pon como o exemplo o Centro de Información á Muller, con 13.150 euros presupostados de fondos propios e lévanse gastados 9.805 a 9 de novembro , co que quedan 3.845 euros.

O Sr.Alcalde di que teñan en conta que, igual en decembro se fai algunha actividade e se gasta algo dese tres mil e pico, pero que é un concepto pequeno pero que reflecta que de todas as partidas se está intentando, por eso no resumo do exercicio os remanentes saen positivos, quere dicir que o que se faga nun ano non vai resolver o que se fai no concello dende hai moitos pero cando menos non se está subindo, estase baixando e claro que se pode baixar moito máis, pode destinarse un orzamento a non facer nada e a amortizar pero quere dicilo, porque menos o Sr.Reymondez Gancedo, todos gobernaron, e que tamén todos, agás a Sra.Rodriguez Arca (O Sr.Alcalde está a facer referencia aos Concelleiros da actual Corporación que non formaron parte de ningún goberno municipal anterior).

Dí tamén o Sr.Alcalde que todos dicían que chegar para amortizar e non facer nada e amortizar as débedas dos outros, tampouco sería xusto e recoñece que eles tampouco van facelo así, pero que non queren deixalo peor do que está, admite que hai que ir paseniño baixando porque a situación económica é francamente mala.

Pasado a votación o asunto , por 4 votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e 9 abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP, PSOE e UPRI), acórdase:

1º. A aprobación da Conta Xeral do exercicio de 2009, formada pola Intervencion Municipal.

2º. Dar traslado da mesma ao Consello de Contas.

2010/11/60.-DESIGNACIÓN DE MEMBROS REPRESENTANTES DOS CONSELLOS ESCOLARES NOS CENTROS EDUCATIVOS PORTA DA AUGA, DIONISIO GAMALLO FIERROS E GREGORIO SANZ.

Dase conta das comunicacións recibidas dos Centros IES Dionisio Gamallo Fierros, Porta da Auga e Gregorio Sanz, nos que se solicita a designación do representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar dos Centros de referencia.

A Corporación, acorda por unanimidade dos seus membros, designar para os referidos Centros Educativos así como para a Escola Oficial de Idiomas que aínda que non se recibiu ata o día de hoxe a comunicación, será preciso realizar,os mesmos representantes que ata o de agora ostentaban tal representación municipal, como titulares e suplentes en cada un dos Centros

a.- Colexio Público Gregorio Sanz, D.Ramón López Pérez como titular e dona María José Rodríguez Arca, como suplente.

b.- IES Porta da Auga. Dona Begoña Sanjurjo Santar como titular.

c.- IES Dionisio Gamallo Fierros, D. Vicente Castro Reigosa como titular e como suplente dona Mari Luz Alvarez Lastra.

d.-Escola de Idiomas. D. Francisco Rivas Alvarez como titular e como suplente don Agustín Reymondez Gancedo.

e) Comisión de escolarización: Titular don Fernando Suárez Barcia e suplente dona Begoña Sanjurjo Santar.

2010/12/61.-MOCIÓN FORA DA ORDE DO DÍA, DE URXENCIA, QUE PRESENTA O CONCELEIRO DON FRANCISCO RIVAS ALVAREZ DE UPRI SOBRE CONVERSIÓN DO ANTIGO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN PAVILLÓN MULTIUSOS.

De conformidade co disposto nos arts. 91.4, 93 e seguintes do R.O.F. e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo Sr.Rivas Alvarez se presenta ao Pleno municipal a seguinte Moción de urxencia, que de seguido se transcribe:

“Antecedentes:

O Equipo de Goberno do Concello ten anunciado recentemente unha inversión importante (máis de 4.000.000 de euros en tres anualidades) para a remodelación do antigo Pavillón Polideportivo sito na Avenida de Luarca, por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo. Como queira que aínda non se elaborou o Proxecto para a devandita obra de remodelación e polo que,

Solicitamos:

Que por parte do pertinente acordo adoptado polo Pleno da Corporación dirixirse á Deputación Provincial de Lugo

1º.- Para que á hora de elaborar o devandito proxecto se confeccione de forma que ese Pavillón Polideportivo se converta nun Pavillón Multiusos, do que carece o noso Concello e dada a súa situación, relativamente céntrica, podería servir perfectamente para albergar eventos de especial transcendencia para o noso Concello, ao igual que para os concellos limítrofes.

2º.- Tendo en conta a actual situación económica e a inversión que se vai realizar, sería importante non desaproveitar esta oportunidade para dotar a Ribadeo deste Pavillón Multiusos, que redundaría sen lugar a dúbidas, na economía local en particular, así como na da Mariña en xeral. “

O Sr. Rivas Alvarez , proponente da Moción, a efectos de xustificación da urxencia da mesma, explica que a súa solicitude consiste na conversión do antigo pavillón polideportivo nun pavillón multiusos, tendo en conta que o equipo de goberno do concello ten anunciada unha inversión importante, máis de 4 millóns de euros en tres anualidades, para remodelación do antigo pavillón polideportivo, sito na Avenida de Luarca, por parte da Deputación Provincial de Lugo, como queira que aínda non se elaborou o proxecto para dita obra de remodelación, solicitan que a tenor do recente acordo no pleno, a Deputación Provincial de Lugo, para que á hora de elaborar o devandito proxecto se confeccione de forma que ese pavillón polideportivo agora, se convirta nun pavillón multiusos, do que carece o concello. Dada a súa situación perfectamente céntrica pode servir para albergar eventos de especial transcendencia para o concello igual que para os concellos limítrofes. Tendo en conta a actual situación económica e a inversión que se vai realizar, di o sr. Rivas que sería importante non desaproveitar esta oportunidade para dotar a Ribadeo deste pavillón multiusos, que redundaría na economía local en particular así como na Mariña, en xeral. Engade que lle parece que é algo que se debe solicitar á Deputación.

O Sr. Rivas Alvarez, explica que entende que sería importante para a economía local.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Popular di que entende que a Moción non é urxente.

Continúa o Sr. López Pérez, do Grupo do PSOE, que di que coincide co dito polo Sr. Rivas Alvarez cunhas declaracións que fixo o PSOE nos medios de comunicación con relación a 4 millóns de euros que se van investir no pavillón vello e que sería unha posibilidade de convertilo en multiusos e que é algo que se tratou publicamente nestas reunións que están tendo os candidatos cos colectivos deportivos. Pero cre que debatilo aquí, aínda que non son celosos, que non terían inconveniente que se debatira.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal do P.P manifesta que lle parece un erro porque son 2 millóns 500 mil euros, e di que parece que o propoñente non sabe do que fala, .

O Sr. López Pérez di que se trata de cerca de 400 dos antigos millóns de pesetas.

Continúa o Sr. Rodríguez Andina dicindo que o seu grupo xa dixo que lle parecía un disparate meter 2 millóns e medio de euros en remodelar ese pavillón, porque con 2 millóns e medio de euros faise un novo en condicións. Parécelle que eso non urxe nestes momentos, non sabe se está feito o proxecto.

O Sr. Alcalde di que o proxecto está adxudicado.

O Sr. Rodríguez Andina di que “entón apaga e vámonos”, hai que devolverlle o papel ao propoñente.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro de Deportes, aclara que xa se trouxo varias veces o tema, non sabe se foi o PP, de aproveitar o pavillón para darlle solución a unha serie de demandas de distintas asociacións como era dotalo de locais para distintas asociacións, que na proposta de memoria e na proposta de boceto que se fixo dende o concello para a redactora e para solicitar a axuda xa ían.

Non entende moi ben o que se quere dicir con multiusos, xa que o todo pavillón é un multiusos, calquera pavillón polideportivo municipal é un multiusos e, ademais, sen concretar ningún detalle. Manifesta que poderían entrar nun debate co Sr.Rodríguez Andina, que non ven a conto, polo tema de se é un despilfarro ou non., que quere aclarar que é como se se fixese un pavillón novo, que é reforma e ampliación, e no mesmo sitio mantéñense os vestuarios polo tanto non se tira totalmente.

Por parte do Sr.Alcalde se aclara que os vestuarios se fixeron fai 3 anos.

O Sr. Castro Reigosa continúa dicindo que se manteñen os vestiarios e que se tira o resto, e que hai que adaptalo á normativa vixente actualmente, que para unha capacidade concreta do aforo, coma a que ten agora necesita unhas medidas concretas porque necesita ampliación. Repite que xa dixo noutro momento que era necesario tiralo, porque segundo un estudio que se solicitara cando se tratara de reformar, mandou que se fixeran probas da estrutura e en canto ás cerchas e non hai ningún problema porque estaban practicamente intactas, pero o resto da estrutura estaba moi tocada e seriamente danada, así que non sería aproveitábel para nada.

Prosegue explicando que é por iso polo que foron a unha reforma con ampliación de maior calado. O pavillón leva, segundo o proxecto e as

instruccións, porque faltan 10 días máis ou menos para presentar, leva na proposta todo o que leva un pavillón desas dimensións moderno e adaptado á situación actual, aproveitamento de tres pistas diferentes para adestrar tres modalidades diferentes con lunas para separar, leva canastas, leva un piso moderno con tarima flotante, almacéns, sala sanitaria, porque o obriga tamén a normativa, ascensor para disminuídos, etc.

Di asimesmo o Sr. Concelleiro Delegado de deportes que se queren que se debata pero que cre que a proposta de Rivas Alvarez carece de detalle e de xustificación porque un pavillón multiusos é calquera pavillón, e xa se incorporou a proposta, non sabe se do PP, dos locais para as distintas asociacións, que leva contemplados 9 locais e unha sala de reunións para aproveitar para as distintas asociacións.

O Sr. Rivas Alvarez contesta que se vai facer unha inversión e nunha situación económica hai que aproveitar para que ese pavillón sexa o máis rentable posible e sacarlle o máximo rendemento posible, de ahí que se fale do tema local, porque se se fai para facer feiras e congresos non é o mesmo que para un poideportivo simple, non ten as mesmas características e chega o momento de facelo, recorda que xa se facían en Cantalarrana en 1995. Entenden que é urxente porque o proxecto vaise facer e non está elaborado.

O Sr. Alcalde informa que o proxecto está adxudicado e están a piques de entregalo, o convenio está asinado entre o Alcalde e o Presidente da Deputación e contempla esas anualidades, e como di o Sr. Castro Reigosa un pavillón multiusos adaptado á normativa, con un aforo de ata 499 ou 500 persoas, porque a partir de ahí aínda eran maiores os requerimentos, entón non poden ser 420, son 499. Di que estruturado como está, tal e como está, non debe estar máis tempo así, ou se remodela ou se pecha, porque se corre grave risco aínda que se mantén aberto, non con moita actividade pero mantense aberto, sinala.

Se se vai facer novo, reitera o Sr. Alcalde, os argumentos de que o pavillón sirve para moitas cousas relacionadas co deporte ou con eventos demostrativos ou lúdicos, entón non entende que sentido ten, mais que unha cuestión de puro oportunismo. Ademáis sinala que, agora, está asinado o convenio cunhos condicionantes concretos, para algo aberto, e ao mesmo tempo están a punto de entregar o proxecto de redacción para adxudicalo, eu que ten que ir a pleno. Entenden que non procede a urxencia para nada, nin o debate, pero é unha opinión.

O Sr. Rodríguez Andina di que, estando nas condicións que están decindo, que o proxecto está adxudicado, que en 10 días ven o proxecto e tendo en conta que o seu grupo non quere un pavillón multiusos "tipo A Veiga", e se o proxecto vai vir en 10 días, máis urxencia imposible. Parécelle que se agora van dar a súa opinión sobre o proxecto para que se poida incorporar nun proxecto posterior, en lugar de urxir o asunto retrásase, tendo en conta que é novembro

e que ten unha partida presupostaria para este ano, que terá que cumprir unhos requisitos, “mellor non xogar coas cousas de comer”, non vaia ser o demo que se perdan os cartos. Entón conclúe que se en 10 días vai vir o proxecto, pola súa parte non se mostra de acordo coa urxencia da Moción.

O Sr.Alcalde interrompeo dicindo que eles non o están facendo se non a empresa adxudicataria, unha UTE.

O Sr. Rodríguez Andina di que se alegran moito de que se lles fixera caso e non se rehabilite o pavillón se non que se tumbe, menos os vestiarios, que son un pouco “chapucillas” para un pavillón novo, pero bueno se queren manter aquilo que fixeron alí cando foi a escola taller aquela que o fagan.

O Sr.Alcalde dí que o equipo de goberno aclara que se puxeron novos fai 3 anos e non os fixo a escola taller, se non que son totalmente novos.

Ao Concelleiro de Deportes, Sr. Castro Reigosa, chámalle a atención o que se dí porque di que son eloxiados por toda a xente que visita o pavillón, e aclara que o pavillón ten suficiente espacio para extenderse, chega á beirarrúa e leva soportal.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que a tenor dos argumentos expostos acepta o que diga o pleno pero que non ven urxencia ningunha para esto.

O Sr. Castro Reigosa, pola súa parte manifesta que xa deu certos detalles de cal vai ser a idea do pavillón, proposta dende a Concellería de Deportes, que foi un pavillón moderno, con todo tipo de accesos, con pistas e multipistas que fan falta para a demanda que hai, que están desbordados de demanda.

De seguido polo Pleno municipal, de conformidade co disposto no artigo 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Corporacións Locais, sométese a votación a urxencia da Moción, que obtén 4 votos a favor (dos membros presentes dos Grupos municipais de UPRI e PSOE) e 8 en contra (dos membros dos Grupos Municipais de BNG e PP), quedando en consecuencia rexeitada a urxencia da Moción presentada polo Sr.Rivas Alvarez e o tratamento da mesma.

2010/13/62.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr.Alcalde informa de que hai algunhas preguntas pendentes de contestar do pleno anterior e o Sr. López Pérez, do PSOE, recórdalle que aínda ten algunha pregunta sen contestar do pleno de xullo. O Sr. Alcalde pídelle que as recorde.

Rogos e preguntas pendentes de sesións anteriores.-

O Sr. López Pérez, do Grupo Municipal do PSOE, refírese a que él mesmo formulou unha pregunta manifestando que se publicou no BOP do 1 de xullo o anuncio da aprobación do presuposto e chama a atención unha cuestión, que por ningún lado menciona que sexa aprobación definitiva e pregunta porqué, xa que considera que, normalmente, cando se publica é a aprobación provisional ou definitiva, e por algún lado o menciona, lóxicamente, se non é definitiva será provisional pero chama a atención que se poida presentar un recurso contencioso-administrativo e sobreentende que xa pasou a inicial, porque se non isto sería unha indefensión para os cidadáns, porque non poden recorrer o presuposto un veciño, un industrial ou calquera persoa que non teña recoñecida unha débeda. En ningunha parte figura que a aprobación sexa definitiva e pregunta por qué non figura que sexa definitiva na mencionada publicación no DOGA.

O Sr. Alcalde responde que manexan informes xurídicos, tanto da Deputación como un externo, que indican que eso é unha aprobación definitiva e pensa que, neses días, hai en ámbito xurisdiccional algunha cuestión sobre eso, pero non sabe o que deben dicir, conclúe que eso é definitivo e punto.

Outra das cuestións que o Sr. López Pérez fai mención é r que, revisado o libro rexistro de entrada de documentos, se encontra co número 6366 de Secretaría dirixido ao alcalde, que pide informe de secretaria sobre petición de presuposto de 2010. Pregunta qué dicía este informe de Secretaría.

O señor Alcalde contesta que non o recorda nese momento e terá que contestar no seguinte pleno. O Sr. Alcalde di que cre que o viu antes o Sr. López Pérez que él, e non recorda o que dicía pero dicía algo así como que se desentendía do que podía pasar. Di que eles (o equipo de goberno) teñen unhas argumentos que reitera da pregunta anterior.

Pregunta o Sr. López Pérez se o Secretario se desentendía do que podía pasar.

O Sr. Alcalde contesta que algo así, que non o sabe. Explica que era algo así, máis ou menos, que era dubidoso e que se desentendía deso.

Refírese agora o Sr. Alcalde a unha pregunta do Sr. Reymondez Gancedo, de UPRI, do pleno anterior, sobre o IBI dunhas vivendas que non tiñan licenza de primeira ocupación.

Intervén a Sra. Interventora que manifesta que o Imposto sobre Bens Inmóveis carga a propiedade do ben, e nin siquiera se plantexa que a edificación sexa legal, o que se grava é a propiedade de un ben inmóvil, a súa existencia.

Existen casos, por exemplo, un galpón no rural non ten nunca licenza de primeira ocupación e paga IBI. Toda construción que teña característica de

ben inmovible está gravado polo Imposto sobre Bens Inmóveis, non se plantexa a súa utilidade, se está ocupado, se está legal ou ilegal. A existencia dun ben inmovible determina que se debe pagar, porque o que se grava é a manifestación de riqueza, é un imposto indirecto e grávase a manifestación de riqueza que supón a propiedade dun ben inmovible. Entón, explica que é perfectamente normal que paguen IBI aínda que non teñan licenza de primeira ocupación, dende que existe o ben existe o imposto. Explica que paga igual un legal que un ilegal a estes efectos, di que o mesmo ocorre con outros impostos, e incluso con impostos estatais.

O Sr. López Pérez pregunta, a continuación, por qué non había escola de judo, pero o Alcalde di que o concelleiro de deportes non estaba daquela, e el non sabía porque non hai escola de judo.

Responde o Sr. Castro Reigosa dicindo que este ano non hai escola de judo porque o clube e a persoa que levaba a escola de judo decidiu deixar de prestar o servizo, e non se atopou ningún clube que se fixera cargo, con cargo a un convenio que se firma para todas as escolas. Ó mesmo clube que a ostentaba, que era o Club de Judo Lugo, parecíalle que trasladar a unha persoa dende Lugo non lle era rentable para o convenio que había co anterior.

Pregunta o Sr. López Pérez se non ten nada que ver coa débeda. Contesta o concelleiro de Deportes que non, que é máis, que a persoa que a ostentaba e que levaba a escola de judo houbo que andar detrás dela para que presentara as xustificacións para pagar, é máis, pagáronse a algunhas escolas e quedou pendente de pagar porque non presentara a xustificación do segundo cuatrimestre.

O Sr. Alcalde di que había outra pregunta do Sr. López Pérez, do pleno anterior, que falaba de se este ano a empresa Aquagest presentou a conta de resultados. Manifesta que el dixo que o descoñecía naquel momento, e di que polo que a el lle consta, a última entregada foi a conta de resultados de 2006, que se entregou no ano 2007. Tamén preguntaba o Sr. López Pérez sobre o desorden da travesía, explicaba que se podía observar que parte das obras estaban subcontratadas e entón quería saber se esta contratación se atíña á Lei 30/2007 do sector público, no sentido de que a subcontratación deba ser comunicada polo adxudicatario por escrito, comunicando a intención de celebrar a subcontrata e quería preguntar se se levara a cabo esta comunicación.

O Sr. Alcalde sinala que debe dicir que a comunicación da súa contratación foi feita polo delegado de seguridade e saúde na obra, e que lle poden pedir copia da comunicación ao Arquitecto que a ten. Repite que a comunicación da subcontratación foi feita polo delegado de seguridade e saúde na obra.

Pregunta o Sr. López Pérez a quen lle foi feita e o Sr. Alcalde responde que foi feita ao concello, que el a viu con rexistro de entrada. Pregunta o Sr. López Pérez se hai un documento e se se pode ter acceso a el. O Sr. Alcalde contesta que por suposto, xa que el é concelleiro.

Continúa o Sr. Alcalde referíndose a outras preguntas que quedaron pendentes do pleno anterior. Nunha delas o Sr. López Pérez indica que, se no caso de subcontratas, o contratista debe ter a clasificación adecuada para realizar a parte da obra obxecto da subcontratación, e pregunta se a subcontrata ten a clasificación adecuada para realizar estas obras.

O Sr. Alcalde responde que, en canto a clasificación adecuada da subcontrata, a propia lei di que non é preciso que teña clasificación recoñecida, sendo suficiente a xustificación da capacidade técnica da subcontrata para a execución deste tipo de obras, e considérase que a capacidade técnica para execución deste tipo de obras está suficientemente xustificada por outras de similares características realizadas por esta mesma subcontrata, neste concello de Ribadeo, nos últimos anos. Di tamén que na subcontratación fala de que non se pode subcontratar nunca máis do 60% do total da obra, entón se hai subcontratación e se ten a cualificación adecuada, subcontratándose máis do 60% da obra, porque se se subcontrata máis estase infrinxindo a lei, explica o alcalde que esa era a reflexión da pregunta.

Responde que nin daquela, nin a día de hoxe se alcanzara o límite da subcontratación, nin se alcanzará no que queda de ano, xa que a porcentaxe de obra a executar é moi inferior ao 60%, e daquela cando se lle fixo a pregunta, polo que dicía o arquitecto ao día seguinte pois igual levaban o 10% de obra total feita, reitera que nin agora levan o 60% do total da obra.

O Sr. López Pérez pregunta se cando entregan o papel ese onde se comunica a subcontrata non din o porcentaxe de obra que van contratar, o alcalde di que el contesta o que acaba de contestar.

Continúase deliberando entre o Sr. Alcalde e o Sr. López Pérez sobre unha eventual rescisión do contrato coa empresa adxudicataria da obra por esta causa.

Prosegue contestándose a unha pregunta do Sr. Pérez Vacas, tamén pendente do pleno anterior, que fai referencia a unha resolución de Alcaldía sobre adxudicación de obras de mellora nos tramos urbanos, e no punto seis di que unha vez formalizado o contrato deberá presentarse polo contratista un plan de seguridade e saúde laboral axustado ao estudio de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral e que, efectuado este trámite, procederase á acta de

formulación do replanteo e inicio da obra e que a obra está iniciada, pregunta que se está feito este estudio.

O Sr. Alcalde manifesta que o estudio de seguridade é un dos apartados do proxecto que serviu de base á licitación da obra, polo tanto se ao que se refire o Sr. Pérez Vacas é ao plan de seguridade e saúde tamén foi feito, entregado, recibiu o informe favorable co coordinador en materia de seguridade e saúde e, posteriormente, aprobado polo concello e presentado en industria para apertura do centro de traballo. Así mesmo, informa que foron selados os libros correspondentes, que xunto con unha copia do plan de seguridade se atopa na caseta de obra, tal e como indica a lei vixente.

O Sr. López Pérez, sinala que quedaba unha cuestión máis na que lle pregunta sobre o que anunciara o Alcalde que se ía limpiar unha tubería, os conductos da auga dende a estación de bombeo ata Ribadeo, quen se ía facer cargo desa limpeza, se o concello ou Aquagest.

O Sr. Alcalde admite que é algo que aínda non lle sabe dicir, porque non está feito e é obxecto dun estudio por parte dos técnicos e non tiveron tempo aínda de abordar eso, admite que era consciente de que estaba pendente e confía en contestarlle fielmente no seguinte pleno.

O Sr. Rivas Alvarez, pola súa parte, tamén recorda que había unha pregunta súa sen contestar do pleno anterior, refírese a un recurso de reposición que presentou UPRI contra un listado de admitidos. O Sr. Alcalde contesta que coa Lei 30/92, modificada no ano 99, que é a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que di que se hai determinadas cuestións que non se contestan enténdese silencio administrativo negativo, polo tanto é o que contesta.

Rogos e Preguntas do Grupo de UPRI.-

Comeza o turno de Rogos e Preguntas o Sr. Reymóndez Gancedo, de UPRI, que pregunta cando vai rematar por fin a rúa San Lázaro. O Sr. Alcalde responde que en breve.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que viron estes días pasados que estiveron facendo unhas obras na Vía Transversal e quere saber se esta vía está entregada ou non.

O Sr. Alcalde contesta que supón que unha parte sí, porque había dous polígonos, e a outra parte ten as súas dúbidas, e non lle sabería dicir nese momento. Di que a cousa ven de vello e están facendo por seguridade unha

serie de actuacións, como paso elevado, pinturas de paso de cebra e mellorando un alumado que está pendente e varias actuacións nestes días.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa dicindo tamén se lle podería dicir cantas reclamacións de responsabilidade patrimonial houbo sobre esta vía.

O Sr. Alcalde admite que non o sabe que, tería que miralo e contestar no seguinte pleno. Preguntan se se admitiu algunha, pero o Sr. Alcalde manifesta que o descoñece, di que sabe dunha da que se lle falaba no punto primeiro deste pleno, que foi desestimada porque os técnicos así o entenderon e dirixese ao Sr. Rivas Alvarez para que corrobore se era no mesmo sitio, que responde que sí.

No apartado de rogos, o Sr. Reymóndez Gancedo pide que a ver se se pode reparar o espello que hai na farmacia do acceso á rúa Daniel Cortezón, a que fai esquina coa Avenida de Galicia. Tamén quere que se sustitúa o espello do callejón de Juanita Torrente que está velado. Outro dos rogos é se se poden reparar dunha vez os sumidoiros da rúa Rosalía de Castro, Suso Peña, porque a xente queixase de que olen moi mal, no verán e agora tamén, non sabe se polas obras.

O Sr Alcalde pídelle que lle dea un papeliño no que identifique cales son, non de forma xenérica, porque di que se traslada duns servizos a outros pero pídelle que lle diga, por exemplo, hai 12, 3 están aquí...e que el, con todo o gusto, mandará revisalos un a un.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que llo agradece porque leva un ano e pico pedíndoo. Refírese agora ás subvencións para o feísmo na Reserva da Biosfera, e solicita que se soterran as liñas de alta tensión da recta de Porto, que están ao borde da ría, as que atravesan Vilaselán para dar servizo á antiga depuradora, así como as que están no entorno da escola Pedro Murias.

O Sr Alcalde contesta que se enviará unha comunicación a BEGASA, ou á suministradora E.ON, a operadora eléctrica, e replica que non pretenderán que a soterre o concello.

O Sr. Suárez Barcia engade que teñen que soterrar todas as rúas que se fixeron nos últimos anos, que se deixaron as acometidas para soterrar o cableado e aínda está pendente. Informa que fai un tempo que llo dixo formalmente a BEGASA.

O Sr. Reymóndez Gancedo explica que fai unhas meses a Consellería de Industria sacou unha liña de axudas aos concellos galegos para soterrar liñas de alta tensión, pero non sabe se é para chegar a un acordo coas suministradoras porque non é técnico.

O Sr Alcalde di que aquí hai sistemáticamente, anualmente, axudas de aforro enerxético, pero para soterrar liñas de alta tensión non sabe, pero que habería que ver tamén que é o que aporta porque ás veces hai que aportar por parte do Concello.

O Sr. Reymóndez Gancedo di que continúa a falar do feísmo, e refírese ao acceso a Casas Novas, na N-642, onde hai unha caseta metálica, unha marquesiña de autobús, dos pícaros, pide se se pode aproveitar para pedir subvención da Reserva da Biosfera para amañar eso conforme ao entorno, que cambie.

Igualmente o Sr. Reymóndez Gancedo formula outra pregunta, di que ultimamente viu repartir folletos e carteis publicitarios do concello co camión de bombeiros. O Sr. Alcalde pregunta onde, cando e que carteis eran. Din que eran folletos de actividades do concello que repartían unhos operarios co camión de bombeiros.

O Sr Alcalde responde que ao GRUMIR se lle indican traballos dese tipo, á parte dos que son de protección civil, que é algo de agora e sempre, recorda cando hai anos carrexaban sillas para un mitin político e non era do seu partido. Explica que se se levaron nun camión de incendios, pois pensa que ou están algo descentrados do que teñen que facer, e o preguntará, ou é que tivo varias averías o “patrol” de protección civil, e no momento no que non estaba ese “patrol” puideron ir co camión pequeno, porque sona un pouco grandioso repartir carteis co camión de incendios, pero quere pensar que foi por eso, di o sr. Suárez Barcia, que preguntará pero supón que sería algunha avería do “patrol”.

O Sr. Reymóndez Gancedo formula outra pregunta en relación cos gastos das Xornadas da Violencia Sexista, di se tiveron éxito. A Concelleira de Cultura, a Sra. Álvarez Lastra, responde que sí que foron subvencionadas pola Secretaría Xeral de Igualdade e veu a Directora Xeral, Marta González, e informa que estiveron tamén os Concelleiros Sra. Sanjurjo Santar e López Penabad nas xornadas, polo que poden corroborar se houbo xente ou non, se estiveron á altura, tamén se participaron os nenos dos centros de ensino ou non.

Outra pregunta formulada polo Sr. Reymóndez Gancedo é se adaptou o Concello todas as bandas rugosas á normativa vixente.

O Sr Alcalde recoñece que estarán neso, que non sabe exactamente se a normativa vixente é de afección só ás vías no ámbito estatal ou tamén municipal, pero en todo caso que están neso. O Sr. Reymóndez Gancedo insiste en que se están neso saben o que afecta.

Finaliza o Sr. Reymóndez Gancedo con un rogo, que se repoña o grifo da fonte de Ove, ao lado da Igrexa, que se sinalice, para que polo menos antes de que acabe o Xacobeo os pelegríns poidan utilizala.

O Sr. Rivas Álvarez di que ten outro rogo, que se envíe unha carta aos Conselleiros de Cultura e de Presidencia para que se corrixa un erro de bulto na exposición de Galicia Dixital, que está no Mosteiro de San Martín Pinario, en Santiago, e en concreto na sala de pantallas informativas. Explica que, no que respecta ao Camiño do Norte, nas imaxes do concello de Ribadeo onde aparecen dúas fotografías panorámicas, unha do concello que pon “ayuntamiento” e outra que pon La Atalaya, e aparecen en concreto unha do concello e outra do Cargadoiro de Mineral, para que se corrixa e se poña Cargadoiro ou Atalaia, pero que se pon Atalaia que poña a fotografía da Atalaia. Informa que están onde un se sitúa e pode xirar 360º para ver todo o que hai ao redor, cre que se debe corrixir que non é a Igrexa da Atalaia, que todos sabemos donde está., e que lle coincidiu que foi e o viu e que lle pareceu que se debía de modificar.

Continúa preguntando o Sr. Rivas Alvarez cal é o cargo que ocupa actualmente o representante do concello de Ribadeo na Reserva da Biosfera. O Sr. Alcalde contéstalle que vocal e membro da xunta directiva. O Sr. Rivas Alvarez pregunta quen redactou as bases para a contratación do xerente, e se non é certo que quen as redactou finalmente foi o seleccionado, o Sr Alcalde di que o descoñece.

O Sr. Rivas Alvarez di que quere saber se é certo que era o que recibía, e ademáis comprobaba a documentación dos candidatos á praza á que el mesmo concorría, e saíu finalmente seleccionado. Di o Sr. Alcalde que el non estivo en ningunha desas xuntanzas de valoración, que tiña viaxes en relación coa Xunta e coa Deputación. Segue a preguntar se se cumpriu a legalidade vixente nesa selección. O Sr. Alcalde di que o descoñece, pero que supón que sí.

Di o Sr. Rivas Alvarez si no referente a méritos, oportunidades, eximirse en caso de que concorra unha persoa que participa, qué medida se adoptou ou se pretende adoptar co membro da xunta directiva da Reserva da Biosfera, de solicitar como se fixo esa selección, que se corrixa, que se enmende se houbo algún erro, se ten pensado facer algo ou non.

O Sr. Alcalde di que non ten nada polo que poida pensar que algo está mal ou non está ben feito, porque ademáis non foi partícipe, xa que casualmente non estivo. O Sr. Rivas Alvarez di que entende que o alcalde non queira participar de nada que non lle saia ben, pero o Sr. Alcalde replica que presentou unha moción da ponte de Arante e que a perderon.

Outro rogo que fai o Sr. Rivas Alvarez é que se repare, de forma que se manteña no tempo, a agulla do reloxo de sol do Cargadoiro.

Outra pregunta do Sr. Rivas Alvarez é por qué se convocou unha praza na escola de música de profesor ou profesora de piano cando a praza estaba cuberta con carácter indefinido, segundo a sentenza xudicial.

O Sr Alcalde di que había unha situación, polo que teñen comentado os técnicos, é un castigo que a xustiza lle fai ás administracións por non crear as prazas, entón o concello, consecuentemente, fixo o que dalgunha maneira se estaba castigando, crearon as prazas e cubríronas polos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Explica que, a varias prazas, concretamente a esa concorreron varias persoas e a que mellor o fixo gañou, polo tanto foi por eso, non por capricho. Di que, se vai un pouco máis aló, despois en primeira instancia, a xustiza deulle absolutamente a razón ao concello e nunha segunda quitoulla.

Quere saber o Sr. Rivas Alvarez por qué non se readmitiu a esa traballadora e se optou pola indemnización de máis de 41.000 euros. O Sr. Alcalde explica que están aínda en fase xudicial e que, no caso de que o concello definitivamente perda a razón, non ten sentido ter dúas prazas porque unha xa está cuberta.

Pregunta o Sr. Rivas Alvarez se van pagar todos os ribadenses ou o responsable do seu peto esta desfeita. O Sr. Alcalde di que non sabe. Pregunta por qué se recorre a sentenza para non ter que pagar agora, se é porque non están ben de caixa. O Sr. Alcalde explica que porque a xustiza nun primeiro momento lles da a razón e están convencidos de que a teñen, quizais a poidan ter ou non.

O Sr. Alcalde sinala que tamén lle doe quen vai pagar os 190.000 euros que lle costa ao concello tirar unha cuberta. Pois alguén os terá que pagar di o Sr RivasAlvarez.

Responde o Sr. Alcalde que o Concello, e que tamén se puido facer antes. O Sr. Alcalde dille ao Sr. Rivas Alvarez que estaba nas comisións de goberno daquela.

O Sr. Rivas Alvarez contesta ao Sr. Alcalde que lle pregunte aos técnicos que vixían as obras. O Sr. Alcalde á súa vez di que tamén se lle pode preguntar aos políticos que os votan porque logo pasan estas cousas.

O Sr. Rivas Alvarez prosegue manifestando como rogo, que pide que se inicien os trámites necesarios ante a Deputación Provincial ou a Xunta de Galicia, quen sexa, para a construción dun campo de herba artificial, para que poidan entrenar os rapaces, tanto da S.D. Ribadeo, como das escolas deportivas, como o Ribadeo, que o poidan utilizar todos os que practican este deporte en consonancia con outros concellos de similares características na Mariña.

O Concelleiro de Deportes, Sr. Castro Reigosa, pídelles se lle pode dar unha idea dun sitio para facelo.

Responde o Sr. Rivas Alvarez que eles que están gobernando teñen lugares suficientes para poder facelo, di que teñen en mente lugares máis que suficientes para facelo.

O Sr. Alcalde diríxese ao Sr. Rivas Alvarez e dille que él que non governa e ten capacidade para propoñer unha alternativa dun pavillón multiusos, supón que poderá dar unha ubicación para un campo de herba.

Replica o Sr. Rivas Alvarez que a dará cando teña que dala, que el xa pide que se fagan as xestións, non vai buscar o terreo e facer todo, xa que e él o que está gobernando, e que pola súa parte non ten tempo para buscar un terreo porque se ocupa tanto da súa actividade profesional, que non ten tempo para esas cousas.

O Sr. Alcalde, á súa vez, dí que o Sr. Rivas Alvarez, chega ao Concello a soltar o seu rogo como lle peta.

O Sr. Rivas Alvarez pola súa parte contéstalle dicindo que quen ten que resolvelo é el, que para eso está no Concello. O Sr. Alcalde explica que o rogo é redundante porque xa están neso, xa o pediron. O Sr. Rivas Alvarez di que se alegra moito deso.

O Sr. Castro Reigosa apunta que están neso, para facelo nun lugar que legalmente poida facerse.

Finalmente, o Sr. Rivas Alvarez di que se viña facendo, tradicionalmente, a recollida de enseres os primeiros martes de mes, non sabe se metálicos ou de madeira, en todo caso pregunta a onde se levan eses enseres metálicos e se se levan todos ao mesmo sitio ou a outra parte e se se cobra algo por eles.

O Sr. Cupeiro Rodríguez informa que se cobra se os hai que ir buscar a algún sitio, que se cobran os 3 euros que estaban implantados de sempre.

O Sr. Rivas Alvarez di que non era de sempre, pero o Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro delegado de Medio Ambiente, di que segundo él sabe que si, que el non impuxo ningún imposto novo, que xa fai moitos anos.

O Sr. Rivas Alvarez o corrixe e di que non, que será dende o bipartito (en referencia ao anterior mandato corporativo). Di que non se refire a eso, se non a se se cobra algo por esa chatarra que se leva ou se se vende, se o concello saca algún lucro económico dese traballo.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que o Concello non, ao que o Sr. Rivas Alvarez replica se pode ser outra persoa, e o Sr. Concelleiro de Medio Ambiente dille que se sabe algo que poida denunciar, algo máis do que sabe el, di que a verdade é que non sabe nada, o único que sabe é que se fai unha auditoría e todo canto entra está documentado e todo canto sae está documentado, pero

se o Sr. Rivas Alvarez sabe ou é coñecedor de algo, el pode facer que se investigue mais aló de todo eso. Respóndelle o Sr. Rivas Alvarez que non lle consta nada deso.

Continúa cos rogos e intervén o Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, expoñendo que nos medios escritos saíu publicada a noticia de que Ribadeo ampliará o cemiterio con 48 nichos. Hai unhas declaracións do Sr. Alcalde nas que di que “El alcalde en este punto recordó que el pleno de la corporación rechazó hace unos meses una propuesta del equipo de gobierno, BNG, para modificar la ordenanza reguladora del cementerio. Lo que se pretendía era que el concello pudiese recuperar los nichos que estaban abandonados etc”. O Sr. López Pérez, rógalle ao alcalde que, cando faga unhas manifestacións, se ataña á realidade das actas do pleno, porque os grupos da oposición non rechazaron a moción precisamente por eso, se non que estaban de acordo neso, pero rechazárona polo precio dos nichos. Di que todos os grupos están presentes e o poden corroborar, e el ten a acta do pleno, polo que pide e roga que se ataña ao que se debate no pleno.

O Sr. Alcalde tamén lle roga ao Sr. López Pérez que cando fale non sexa tan demagogo.

O Sr. López Pérez pide un respecto da Alcaldía, porque di que o que el manifesta non é certo e está mentindo.

O Sr. Alcalde afirma que a ordenanza non puido ir adiante, pero o Sr. López Pérez quere aclarar que non puido ir adiante, non porque eles se opuxeran a reordenar o cemiterio e se recuperaran nichos abandonados, se non polo precio dos nichos, simplemente.

O Sr. Alcalde recorda os líos que tiveron cos precios iniciali na primeira, na segunda e na terceira vez que se tratou e que ninguén dixo nada. Di que son o “hazme reir” de toda A Mariña por cobrar 1300 euros por un nicho de 3 ocas.

O Sr. López Pérez manifesta que non quere debatir máis, que se van facer igual.

O Sr. Alcalde di que toma nota e procura facer a mínima demagoxia e gustaríalle que os demais tamén fixeran o mesmo.

O Sr. López Pérez dí que lle gustaría que todos os grupos corroboraran o que está dicindo, que o Sr. Alcalde mentiu aos medios.

Continúa o Sr. López Pérez falando dos espellos retrovisores que se colocan, e di que fixeron unha solicitude da esquina da rúa Calvo Sotelo co calellón de Juanita Torrente, e tamén no Camiño Real que baixa á Vilavella, que dende o

cemiterio hai un espello polo que agora baixan vehículos, explica que está de formigón aquela vía.

O Sr. Alcalde pregunta se é por onde vive o Sr. César, e respóndelle o Sr. López Pérez que sí, que eso é o Camiño Real, e informa que hai un espello alí que está velado totalmente, polo que roga que substitúa eses dous espellos.

O Sr. López Pérez pregunta por qué non hai luz pública na segunda zona da Vía Transversal, na zona dos Galos.

O Sr. Alcalde di que hai un problema que espera que se resolva nos próximos días, de feito o día anterior estivo alí e viu que estaba por un contador que non era de onde se surten as outras farolas. Explica que ese contador non tiña subministro eléctrico e ao final todo era porque había que cambiar eso de sitio e poñelo noutro lado, varios problemas, pero que xa puxo a funcionar ao arquitecto para que coordinara todo eso, e agora están cambiando un aparello de sitio e en breve estará funcionando.

Continúa referíndose o Sr. López Pérez a unha demanda dos usuarios, xa que informa que agora se abriu alí a oficina de emprego e a rúa non ten nome, polo que pregunta cando se vai adxudicar un nome a esa rúa.

O Sr. Alcalde di que se queren, porque agora non deben demorarse moito máis, poden xuntarse e falar de algunha cousiña que quede máis por alí.

O Sr. Alcalde insta a poñer encima da mesa os asuntos e ir acordando, intentar ser magnánimos todos, proceder, acordar, estimar. Pide que por favor, para esa rúa un nome axeitado.

O Sr. López Pérez di que xa estaba constituída a comisión.

O Sr. Alcalde di que fai un tempo que houbo unha comisión de unhas xornadas moi interesantes que avogaban porque se fixera o que se está facendo en moitas cidades, e non que se lle poñan nomes de planetas como Neptuno, Saturno, ou cousas así un pouco raras, e que se recupere a toponimia de sempre que houbera nese lugar, di que non sabe como se chamaba alí, pon como exemplo Lugo, que se substituíu Carril das Fontiñas ou Carril das Hortas.

O Sr. López Pérez, expón que no Grupo de Pescadores, en Rosalía de Castro, hai unha parede encima da beirarrúa e hai unha caixa pegada á parede da edificación, que non sabe se é eléctrica ou de algo, pero que mete un ruído constante que, de noite, molesta aos veciños, explica que é preto de donde vive a Sra. Concelleira, que hai unha caixa na acera que mete ruído polas noites, bueno onde vivía a Sra. Concelleira, corríxe.

O Sr. Alcalde pregunta á altura de qué número. O Sr. López Pérez explica que é no Grupo de Pescadores, nos "Pitufos", na beirarrúa mesmo de Rosalía de Castro que hai unha caixa que non sabe se é de cadros eléctricos, ou de conexións de algo, ou de alumado público.

O Sr. López Pérez quere facer unha pregunta ao Sr. Alcalde, xa que lle dixo que podía ter acceso ao documento da subcontrata, documento acreditativo das obras da subcontrata das obras da travesía.

O Sr. Alcalde refírese ao que xa dixo antes, que era do estudio de seguridade e saúde.

O Sr. López Pérez di que era o documento que acredita que se subcontratou. O Sr. Alcalde di que alí facía unha referencia a unha subcontrata, ao que di a Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Intervén a continuación a Sra. Rodríguez Arca, do Grupo Municipal do PSOE, formulando unha pregunta respecto do aparcamento provisional para a escola infantil e pregunta se pode utilizalo todo o mundo.

O Sr. Alcalde di que non debera, pero a Policía Local ten instrucción de que o utilicen en función das acreditacións que se editaron para os pais e nais da gardería. Informa que ninguén outro está autorizado, polo tanto, se estacionan alí poden ser sancionados.

A Sra. Rodríguez Arca di que protestou unha nai porque ultimamente cando vai buscar o neno, sobre a unha da tarde, que non ten nunca donde aparcar, e di que non tiñan acreditación. Di que se trata dunha muller dunha parroquia, que non ven de Ribadeo e non trae unha silla, ten que vir co coche.

O Sr. Alcalde dille que non se preocupe e que lle doe o que lle di, porque seguro quen ten toda a razón.

Informa tamén a Sra. Rodríguez Arca que estes días apareceron varias ratas na rúa Ibáñez. O Sr. Alcalde di que xa avisaron a mantemento de pragas, di que parece ser por unha obra que están amañando alí e dixeron que fai poucos días que volvera caer. Tamén lle dixo un veciño que caera a parte do colexio vello das monxas, non quere culpar a ninguén e non mira para ninguén, pero cre que a Xunta ten que actuar ahí porque vai haber unha desgraza.

A Sra. Rodríguez Arca tamén se refire a unha alcantarilla entre a rúa Alza e Irmáns Moreno Ulloa, di que está atascadísima estos días que chovía e quen non é de follas de árbores, porque as sacou un veciño dela, así que cre que debe haber algo máis.

No turno de intervencións do grupo , intervén a Sra. Docobo Fernández, que se refire a que na rúa que comunica a Avenida de Galicia con Virxen do Camiño, que é simplemente para paso de persoas, a quen vai dar ao garaxe do Alimerka, di que está fatal que a ver se se pode facer algo alí, aínda que só sexa para pasar a xente, que non é para coches, e estos días que estaba chovendo...

O Sr. López Penabad, do Grupo Municipal do Partido Popular, di que no anterior pleno falou da prazoleta de Calvo Sotelo, que pasaban os coches por aquel tramo e quedaron de poñer unhas postes pero non se puxo nada.

Tamén pediu o Sr. López Penabad un espello na entrada de Calvo Sotelo porque está marcada a beirarrúa pero non sobresaee, entón métese igual.

O Sr. Alcalde dí que sinte o do primeiro rogo e promete que se poñerá inmediatamente un pivote. Di que estivo pensando no do espello, pero cre que é sentido único e pregúntase que sentido ten.

Explica o Sr. López Penabad que vai a xente andando e hai coches aparcados ao lado do cine e que entran moi abertos. O Sr. Alcalde di que non entende poñer un espello nun sentido único.

O Sr. López Penabad di que non sabe se molesta moito poñer un espello alí pero que é para evitar que un coche leve a unha persoa na esquina, cando se sae por alí, xa que a beirarrúa é moi estreita. Explica que se vai con un carro dun neno ten que ir pegado á parede porque alí entran como entran ás veces, unhas veces despacio e outras non tanto, ironiza que se é moito gasto que o deixen como está.

O Sr. Alcalde di que non é polo gasto pero que como era unha curva dun sentido único non lle vía moito sentido, aínda se fora de sentido contrario. Tampouco sabe moi ben se un que vai nun coche ve polo espello ás persoas andando.

Di o Sr. López Penabad que poden solucionarolo para que entren despacio, que el só di o problema que se xenera, que o pensen e fagan o que crean máis conveniente.

Continúa o Sr. López Penabad falando doutro asunto que xa vai de plenos en plenos, en Vilaselán unha finca que hai fronte a unha casa que está chea de silvas.

O Sr. Alcalde responde que ahí sí que se mandou a carta, fronte á casa do Sr. "Mamel". Apunta o Sr. López Penabad que alí tamén había coellos e non ratas.

O Sr. Concelleiro de Medio Ambiente responde que chamou persoalmente a propietaria, que sí que está avisada, porque ten varias fincas, porque é unha persoa que ten bastante propiedade, que todos coñecen, que é a Sra. Rosa Gullón e mandóuselle para que desbrozara varias fincas, porque ten moitísima propiedade, e que chamou para dicir que sí que está para desbrozar.

O Sr. López Penabad quere advertir que cada vez que caen dúas gotas a auga chega turbia non, turbísima, di que ao mellor é salubre pero que non apetece lavar un cacharro con ela.

O Sr. Alcalde responde que preguntou o outro día que lle deron as queixas polo entorno da Avenida de Galicia e díxéronlle que podían ser da obra, xa que ás veces estaban cortando, seccionando tubos e volvendo a enchufar outros novos, e que podía haber algún arrastre ou algo así.

O Sr. López Penabad repite que polo menos naquela zona, cada vez que chove un pouco, nin obras nin non obras, nótase eso.

A Sra. Rodríguez Arca, do PSOE, intervén para dicir que, igual que se reparan as fachadas, se non poden facer algo nos canalóns, porque cando chove os que adoitan andar, di que chove a caldeiros, pon como exemplo a esquina onde está agora a Bugalla.

A Sra. Sanjurjo Santar, do PP, di que en Vilela se sacou a marquesiña que estaba rota e pregunta se se vai repoñer en breve.

O Sr. Alcalde di que xa había anos que non funcionaba porque era un montón de ferros podres.

Pregunta a Sra. Sanjurjo Santar se, mentres non haxa ponte de Arante amañada, non se podería poñer en Vilamariz unha carretera nun sentido e outra no sentido contrario.

O Sr. Alcalde responde que poder sí que se pode. A Sra. Sanjurjo Santar di que llo pediron os veciños. O Sr. Alcalde di que había varios veciños que dicían que non podía ser e que o había que prohibir, pero entón díxolles que tería que ser para todos a prohibición, incluídos eles tamén, entón non queren.

A Sra. Sanjurjo Santar di que ao mesmo barrio van tres entradas seguidas, e se se atopa un camiión para arriba e un coche para abaixo ou viceversa...

O Sr. Alcalde recorda que non quixeron aprobar a moción para que arreglaran dunha vez a ponte e agora andan con outros remedios.

O Sr. Rodríguez Andina, do PP, ten un rogo, pídelles ao alcalde que se dirixa ao Ministro de Fomento para queixarse do tramo recentemente amañado da

carretera nacional que vai de aquí á Veiga, primeiro que se queixe porque é unha vergoña, e que lle solicite e lle rogue que un Ministerio ten que facer as cousas mellor.

O Sr. Alcalde di que non será el o que defenda esa actuación moi “cutrilla”, pero entende que a eso lle falta unha capa de asfaltado.

O Sr. Rodríguez Andina suxire que lle dean a última capa rapidamente.

O Sr. Alcalde di que entre capa e capa enfriou xa e o Sr. Rodríguez Andina di que lle deu tempo a enfriar e a levantarse o asfalto.

O Sr. Alcalde admite que hai días que segue vendo as máquinas alí paradas, e hai días que non van nin para un lado para o outro. O Sr. Rodríguez Andina rógallo porque son bastantes os que van por esa carretera e o padecen todos os días, por nombrar de Porto para alá.

O Sr. Alcalde matiza que está o miradoiro de Abres, que está feito unha porquería e que é moi perigosa esa zona. O Sr. Rodríguez Andina di que esa zona recén amañada é moitísimo máis perigosa, porque está absolutamente negra e non se ve nada, di que estaba mellor como estaba, que se vía algo, pero agora non se ve nada e “papas todos os furados”. Pregunta ao alcalde se lle aceptará o rogo e éste responde que sí.

De seguido polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as vintetrés horas e corenta minutos extendéndose a acta presente, do que, como Secretario, certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,